

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**8806** *Lei orgánica 7/2021, do 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuizamento de infraccións penais e de execución de sancións penais.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

#### PREÁMBULO

##### I

A Unión Europea é un espazo en que os estándares e as garantías de protección dos dereitos das persoas físicas á protección dos datos persoais se encontran na vangarda internacional e constitúen un referente mundial. O rápido desenvolvemento tecnolóxico, especialmente da internet, así como a crecente globalización da economía mundial e europea, fixeron imprescindible abordar a reforma do marco xurídico da protección de datos co obxecto de consolidar, e mesmo mellorar, este elevado nivel de protección a través da creación dun marco lexislativo novo, adaptado á realidade cambiante, á vez que sólido, coherente e integral. En definitiva, un contorno normativo para un mundo globalizado e dixital.

Neste sentido, a Comunicación da Comisión Europea «Un enfoque global da protección dos datos persoais na Unión Europea», do 4 de novembro de 2010, precedida dun intenso período de consultas durante máis de dous anos cos Estados membros, co público en xeral, así como cos distintos sectores afectados, sentou as bases do que sería esta nova perspectiva normativa.

O marco normativo resultante consta, principalmente, de dous instrumentos: o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), que substitúe unha norma vixente desde había máis de vinte anos, e a Directiva (UE) 2016/680 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais por parte das autoridades competentes para fins de prevención, investigación, detección ou axuizamento de infraccións penais ou de execución de sancións penais, e á libre circulación dos ditos datos, e pola que se derroga a Decisión marco 2008/977/JAI do Consello.

No noso ordenamento xurídico, a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adaptou o Regulamento xeral de protección de datos no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos.

##### II

A Directiva (UE) 2016/680 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, obxecto de transposición mediante esta lei orgánica, derroga a Decisión marco 2008/977/JAI do Consello, do 27 de novembro de 2008, relativa á protección de

datos persoais tratados no marco da cooperación policial e xudicial en materia penal, que fora superada por varias razóns.

En primeiro lugar, tratábase dunha norma previa ao Tratado de Lisboa que requiría da súa oportuna adaptación aos novos tratados, en particular ao artigo 16 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, que exige que o Consello e o Parlamento Europeo, a través do procedemento legislativo ordinario, regulen a protección dos datos persoais.

En segundo termo, a decisión marco aprobouse conforme a estrutura de alicerces da Unión Europea, previa ao Tratado de Lisboa, polo que contaba cun ámbito de aplicación limitado exclusivamente ao tratamento de datos persoais de carácter transfronteirizo entre os Estados membros, sen acadar, polo tanto, os tratamentos de carácter estritamente nacional.

Así mesmo, outorgaba unha amplísima capacidade de manobra aos Estados membros sen asegurar un nivel mínimo de harmonización desexable en determinados ámbitos, como o recoñecemento en todos os Estados do dereito de acceso dos interesados aos seus propios datos, o principio do tratamento dos datos para fins determinados ou as condicións para as transferencias internacionais.

En definitiva, a fragmentación e complexidade da regulación neste campo prexudicaba a necesaria confianza entre os axentes da cooperación policial e xudicial penal en Europa, que temían compartir información, entre outros motivos, pola ausencia dunha mínima harmonización en canto á protección dos datos de carácter persoal, uns datos que resultan esenciais no terreo da cooperación operativa.

### III

A Directiva (UE) 2016/680 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, emenda estas deficiencias, ampliando o seu ámbito de aplicación ao tratamento nacional dos datos persoais no espazo da cooperación policial e xudicial penal, pois cobre outras carencias da normativa europea anterior, dado que inclúe a regulación dos datos xenéticos –que reclamaba o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos–, así como a distinción entre os datos persoais segundo o seu grao de exactitude e fiabilidade, ou a diferenciación entre distintas categorías de interesados.

Resulta pertinente poñer de relevo que a citada directiva que traspón esta lei orgánica se aprobou como resposta ás crecentes ameazas para a seguridade no contexto nacional e internacional, que teñen, en numerosos casos, un compoñente transfronteirizo. Por esta razón, a cooperación internacional e a transmisión de información de carácter persoal entre os servizos policiais e xudiciais dos países implicados convértese nun obxectivo ineludible. En efecto, os atentados terroristas de Nova York en 2001 supuxeron un punto de inflexión na necesidade de reforzar a cooperación xudicial e policial na loita contra o terrorismo, como se volvería poñer de manifesto con ocasión dos atentados de Bruxelas e Niza en 2016.

A cooperación encamiñada a compartir a tempo a información operativa precisa eríxese nun requisito de eficacia na prevención e loita contra este tipo de ameazas. Todo iso tendo en conta o estado da técnica, que permite, na actualidade, tratamentos de datos a grande escala no ámbito da seguridade.

Este intercambio de información débese realizar, en todo caso, de maneira que se garantan os principios democráticos e a seguridade das persoas ao longo das fases do tratamento.

En consecuencia, esta lei orgánica asume a finalidade de lograr un elevado nivel de protección dos dereitos da cidadanía, en xeral, e dos seus datos persoais, en particular, que resulte homologable ao do resto dos Estados membros da Unión Europea, incorporando e concretando as regras que establece a directiva.

Neste sentido, a Constitución española foi precursora do recoñecemento e da defensa do dereito fundamental á protección de datos persoais. Así, o artigo 18.4 da nosa norma fundamental dispón que a lei limitará o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar da cidadanía e o pleno exercicio dos seus dereitos. O Tribunal Constitucional, en reiterada xurisprudencia, entende a protección de datos como un dereito

fundamental que garante a toda persoa a capacidade de controlar o uso e o destino dos seus datos, co propósito de evitar o tráfico ilícito ou lesivo destes ou unha utilización para fins distintos dos que xustificaron a súa obtención.

Por todo iso, a transposición desta directiva por parte dos Estados membros supón o establecemento dun marco xurídico consistente, que proporciona a seguridade xurídica necesaria para facilitar a cooperación policial e xudicial penal e, polo tanto, unha maior eficacia no desempeño das súas funcións por parte das forzas e corpos de seguridade e do noso sistema xudicial penal no seu conxunto, incluído o penitenciario.

#### IV

Esta lei orgánica consta de sesenta e cinco artigos estruturados en oito capítulos, cinco disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e doce disposicións derradeiras.

O capítulo I, relativo ás disposicións xerais, define o obxecto da lei orgánica, que se entende como a regulación do tratamento dos datos persoais para fins de prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais, incluída a protección e prevención fronte ás ameazas contra a seguridade pública, cando o dito tratamento o leven a cabo os órganos que, para os efectos desta lei orgánica, teñan a consideración de autoridades competentes.

A finalidade principal é que os datos sexan tratados por estas autoridades competentes de maneira que se cumpran os fins previstos, á vez que establecer os maiores estándares de protección dos dereitos fundamentais e das liberdades dos cidadáns, de forma que se cumpra o disposto no artigo 8, número 1, da Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea, así como no artigo 16, número 1, do Tratado de funcionamento da Unión Europea e no artigo 18.4 da Constitución.

Así mesmo, en correspondencia co que dispón o artigo 22.6 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, cando o tratamento dos datos persoais se realice para algún dos fins establecidos nesta lei orgánica e proceda das imaxes e sons obtidos mediante a utilización de cámaras e videocámaras polas forzas e corpos de seguridade, ou ben o leven a cabo os órganos competentes para a vixilancia e o control nos centros penitenciarios ou para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico, os ditos tratamentos regularanse polas disposicións desta lei orgánica e complementaranse, no que non resulte contrario ao seu contido, coa normativa vixente que regula estes ámbitos. Deste xeito, establécese un novo sistema que xira ao redor das obrigacións dos responsables do tratamento e das distintas misións que se lles asignan.

Aínda que se deben excluír con carácter xeral, inclúense igualmente algunhas previsións específicas para o tratamento dos datos de persoas falecidas por similitude co que se dispón na citada Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

As autoridades competentes, para efectos desta lei orgánica, defínense como autoridades públicas con competencias legalmente encomendadas para a consecución dos fins específicos incluídos no ámbito de aplicación. En concreto, determínase que serán autoridades competentes: as forzas e corpos de seguridade; as autoridades xudiciais da orde xurisdiccional penal e o Ministerio Fiscal; as administracións penitenciarias; a Dirección Adxunta de Vixilancia Alfandegueira; o Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, e a Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo. Todo iso sen prexuízo de que os tratamentos que leven a cabo os órganos xurisdiccionais se rexan polo disposto nesta lei orgánica, na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e nas leis procesuais penais.

Exclúense expresamente do ámbito de aplicación certos tratamentos, como os realizados polas autoridades competentes para fins distintos dos cubertos pola lei orgánica; os levados a cabo polos órganos da Administración xeral do Estado no marco das actividades comprendidas no ámbito do capítulo II do título V do Tratado da Unión Europea, en relación coa política exterior e de seguridade común; os derivados dunha actividade non comprendida no ámbito de aplicación do dereito da Unión Europea, e os

sometidos á normativa sobre materias clasificadas. Entre estes últimos menciónanse expresamente como incluídos os tratamentos relativos á Defensa nacional.

O capítulo II refírese aos principios de protección de datos cuxa garantía corresponde ao responsable do tratamento. Estes principios regúlanse en termos similares ao establecido no Regulamento xeral de protección de datos, con algunhas especialidades propias do ámbito desta lei orgánica.

Inclúese un deber de colaboración coas autoridades competentes, segundo o cal, salvo que legalmente sexa exixible unha autorización xudicial, as administracións públicas ou calquera persoa física ou xurídica deberá proporcionar ás autoridades xudiciais, ao Ministerio Fiscal ou á Policía Xudicial a información necesaria para a investigación ou axuizamento de infraccións penais ou a execución das penas, e a información necesaria para a protección e prevención fronte a un perigo real e grave para a seguridade pública, todo iso coa obrigaçión de non informar o interesado dos ditos tratamentos ulteriores. Esta última precisión resulta fundamental para evitar que a posta da información á disposición do interesado poida poñer en perigo os fins que, de acordo coa directiva e con esta lei orgánica, xustifican o tratamento dos datos.

Regúlanse tamén os prazos de conservación e de revisión dos datos de carácter persoal tratados, e é relevante o establecemento dun prazo máximo de conservación dos datos con carácter xeral e a implantación dun sistema que lle permite ao responsable revisar, no prazo que este estableza dentro da marxe legal, a necesidade de conservar, limitar ou suprimir o conxunto dos datos persoais contidos en cada unha das súas actividades de tratamento. O responsable deberá, nos seus tratamentos, distinguir os datos que correspondan ás diversas categorías de interesados, tales como os sospeitosos, os condenados ou os sancionados, as vítimas ou os terceiros involucrados, así como diferenciar, na medida do posible, se os datos que trata son datos baseados en feitos ou en apreciacións.

Exíxense igualmente certas condicións que determinan a licitude de todo tratamento de datos de carácter persoal, isto é, que sexan tratados polas autoridades competentes; que resulten necesarios para os fins desta lei orgánica e que, en caso necesario e en cada ámbito particular, se especifiquen as especialidades mediante unha norma con rango de lei que inclúa uns contidos mínimos.

No suposto de transmisión de datos suxeitos a condicións específicas de tratamento, as ditas condicións deberán ser respectadas polo seu destinatario, en especial a prohibición de transmitilos ou de utilízalos para fins distintos para os cales foron transmitidos.

De igual forma, exíxese que o tratamento de categorías especiais de datos, como son os que revelen a orixe étnica ou racial, as opinións políticas, as conviccións relixiosas ou filosóficas, a afiliación sindical ou os xenéticos ou biométricos, só poida ter lugar cando sexa estritamente necesario e se cumpran certas condicións.

Os datos biométricos (como as impresións dixitais ou a imaxe facial) só se consideran incluídos nesta categoría especial cando o seu tratamento está dirixido a identificar de maneira unívoca unha persoa física. Esta necesidade de identificación nas actuacións amparadas legalmente lévana a cabo, con frecuencia, as distintas autoridades competentes. O propósito é singularizar os autores ou partícipes de infraccións penais, así como poder recoñecer se son as persoas que se supón ou se buscan e, desta forma, atribuír ou exonerar, sen xénero de dúbidas, a participación en determinados feitos, grazas a posibles indicios ou vestixios biométricos.

Tendo en conta a vertixinosa evolución tecnolóxica e os medios electrónicos de que se dispón, inclúese a habilitación legal que facilite unha resposta rápida e adecuada no uso destes datos, co obxectivo final de garantir e protexer os dereitos dos interesados e da cidadanía en xeral.

Prohíbese, igualmente, a adopción de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís neste ámbito, salvo que estea autorizada por unha norma con rango de lei do ordenamento xurídico español ou europeo.

O capítulo III divídese en dúas seccións e aborda os dereitos das persoas. Regula unha serie de condicións xerais do exercicio dos dereitos, tales como a obrigação exixible ao responsable de facilitar a información correspondente aos dereitos do interesado de forma concisa, cunha linguaxe clara e sinxela e de maneira gratuíta. Establécese a información que se debe poñer á disposición do interesado, onde algúns datos son obrigatorios en todo caso, e outros en casos concretos.

Recoñécense os dereitos de acceso, rectificación, supresión e limitación do tratamento. En virtude de tales dereitos, facúltase o interesado para coñecer se se están tratando ou non os seus datos e, en caso afirmativo, acceder a certa información sobre o tratamento; para obter a rectificación dos seus datos se estes resultan inexactos; para suprimilos cando sexan contrarios ao disposto nos artigos 6, 11 ou 13, ou cando así o requira unha obrigação legal exixible ao responsable, e para limitar o tratamento, cando o interesado poña en dúbida a exactitude dos datos ou estes datos deban conservarse unicamente para efectos probatorios.

Estes dereitos poderán ser exercidos polo interesado directamente ou, en determinados casos, a través da autoridade de protección de datos.

Dispón esta lei orgánica que estes dereitos poden ser restrinxidos por certas causas taxadas, como cando sexa necesario para evitar que se obstaculice unha investigación ou se poña en perigo a seguridade pública ou a seguridade nacional.

Establécese, na súa sección segunda, un réxime especial de dereitos dos interesados no marco de investigacións en procesos penais.

O capítulo IV recolle as obrigações e responsabilidades dos responsables e encargados de protección de datos, as medidas de seguridade e a figura do delegado de protección de datos, ao longo de tres seccións. O responsable do tratamento, tendo en conta a natureza, o ámbito, o contexto e os fins do tratamento, así como os niveis de risco para os dereitos e liberdades das persoas físicas, aplicará as medidas técnicas e organizativas apropiadas.

O encargado do tratamento levará a cabo as súas funcións por conta do responsable e deberá ofrecer garantías para aplicar medidas técnicas e organizativas apropiadas.

Todo responsable e encargado do tratamento deberá conservar un rexistro de actividades de tratamento, con datos identificativos, tales como os datos de contacto do responsable, os fins ou as categorías de interesados, e un rexistro de operacións, peza angular deste sistema e instrumento básico para acreditar o cumprimento de varios dos principios de tratamento, que comprenderá a recollida, a alteración, as consultas e as transferencias dos datos persoais, entre outras operacións. Así mesmo, están obrigados a cooperar coa autoridade de protección de datos, no marco da lexislación vixente.

Establécense certas obrigações que responden a un novo modelo de responsabilidade activa que exige unha valoración previa do risco que poida xerar o tratamento dos datos de carácter persoal para os interesados, para, a partir da dita valoración, adoptar as medidas que procedan.

Préstase unha atención detallada á seguridade do tratamento, regulando algunha das medidas de seguridade que se aplicarán, aínda que só se dispón como obrigatoria a posta en marcha do citado rexistro de operacións como medida técnica e organizativa, e as demais son as que o responsable determine como as máis adecuadas para lograr o control que se lle solicita en virtude do tipo de tratamento que se estea levando a cabo e do nivel de risco que se considere, tras a correspondente análise. Imponse, así mesmo, o deber de notificación á autoridade de protección de datos de calquera violación da seguridade que, con carácter xeral, deberá ser notificada ao interesado, salvo en supostos expresamente previstos na lei.

O delegado de protección de datos configúrase como o órgano ou figura de asesoramento e supervisión dos responsables de protección de datos, que poderá ser único para varias autoridades competentes e cuxa designación será obrigatoria salvo en relación cos tratamentos de datos con fins xurisdicionais. No caso de que se dispoñan tratamentos que queden baixo distintos ámbitos de aplicación, co fin de evitar disfuncións



nas organizacións das autoridades competentes, establécese que a figura do delegado de protección de datos será única para todos eles.

O capítulo V regula as transferencias de datos persoais realizadas polas autoridades competentes españolas a un Estado que non sexa membro da Unión Europea ou a unha organización internacional, incluídas as transferencias ulteriores a outro Estado que non pertenza á Unión Europea ou a outra organización internacional, e establécense as condicións que se deberán cumprir para que estas sexan lícitas.

Así, co fin de garantir que non se menoscabe o nivel de protección das persoas físicas previsto nesta lei orgánica, a transferencia respectará certas condicións previstas nela. Deste xeito, só se deben realizar cando sexan necesarias para os fins desta lei orgánica e cando o responsable do tratamento no terceiro país ou organización internacional sexa autoridade competente en relación cos ditos fins.

Así mesmo, cando o dato se transfíre a un terceiro país ou a unha organización internacional, a autoridade competente do Estado membro en que se obtivo o dato debe autorizar previamente esta transferencia e as ulteriores que poidan ter lugar a outro terceiro país ou a unha organización internacional. En canto ao terceiro país ou organización internacional destinatario da transferencia, deberá ser obxecto de avaliación pola Comisión Europea á vista do seu nivel de protección de datos ou, en caso de ausencia de decisión, o responsable do tratamento debe entender que ofrece garantías adecuadas. Só polas causas excepcionais previstas nesta lei orgánica poderán autorizarse transferencias fóra destes supostos. Este capítulo finaliza coa regulación da transferencia internacional de datos persoais a destinatarios que, non sendo autoridades competentes, están establecidos en terceiros países.

O capítulo VI, relativo ás autoridades de protección de datos, dispón que as ditas autoridades sexan a Axencia Española de Protección de Datos e as axencias autonómicas de protección de datos, nos seus respectivos ámbitos competenciais. Así mesmo, a lei orgánica recolle as súas potestades, funcións e a asistencia entre autoridades de protección de datos dos Estados membros. Remítense no restante á normativa que lles resulte de aplicación.

O capítulo VII prevé que os procedementos de reclamación que se expoñan ante as autoridades de protección de datos se rexan polo establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, ou, de ser o caso, pola normativa reguladora da autoridade de protección de datos correspondente. Refírese a aqueles supostos en que os responsables ou encargados do tratamento, ou da autoridade de protección de datos, de ser o caso, incumpran esta lei orgánica e xeren un dano ou lesión nos bens ou dereitos do interesado.

Este capítulo, ademais, aborda a responsabilidade dos responsables ou encargados do tratamento ou da autoridade de protección de datos, de ser o caso, cando incumpran esta lei orgánica e se xere un dano ou lesión nos bens ou dereitos dun interesado. De igual maneira, detállase a forma de exercer o dereito á tutela xudicial efectiva ante a xurisdición contencioso-administrativa contra as decisións dunha autoridade de protección de datos que se poida entender que lles concirnen aos interesados.

Finalmente, o capítulo VIII regula o réxime sancionador específico aplicable ante incumprimentos das obrigacións previstas nesta lei orgánica. Defínense os suxeitos sobre os cales recaerá a responsabilidade polas infraccións cometidas. Determínanse as regras do concurso de normas para resolver os casos en que un feito poida ser cualificado conforme dúas ou máis delas, á vez que se tipifican as infraccións que, en función da súa gravidade, poderán ser leves, graves ou moi graves. Por último, establécense as sancións que se poden impoñer e fíxanse os prazos de prescrición, tanto das infraccións como das sancións, e de caducidade.

As disposicións adicionais refírense a réximes específicos, ao intercambio de datos dentro da Unión Europea, aos acordos internacionais no ámbito da cooperación xudicial en materia penal e da cooperación policial, e aos tratamentos que se efectúen en relación cos ficheiros e ao Rexistro de Poboación das Administracións Públicas.

As disposicións derradeiras introducen as modificacións necesarias na Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, para adecualas ás previsións

desta lei orgánica en relación cos tratamentos para a execución da pena; na Lei 50/1981, do 30 de decembro; na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo; na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro; na Lei orgánica 1/2020, do 16 de setembro, sobre a utilización dos datos do rexistro de nomes de pasaxeiros para a prevención, detección, investigación e axuízamento de delitos de terrorismo e delitos graves en correspondencia con determinadas obrigacións dos operadores; na Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte; na Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada para adecuar, en ambos os casos, os prazos de caducidade dos expedientes sancionadores, e no texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, para dar soporte legal específico ás matriculacións por razóns de seguridade nacional.

Na elaboración desta lei orgánica observáronse os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, exixidos polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En primeiro lugar, trátase dunha norma necesaria, dado que a transposición da Directiva (UE) 2016/680 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, exige unha lei de carácter orgánico, ao afectar a norma comunitaria un dereito fundamental recoñecido no artigo 18 da Constitución e por imperativo do seu artigo 81. Neste sentido, o artigo 18.4 da Constitución dispón que a lei limitará o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar da cidadanía e o pleno exercicio dos seus dereitos.

Esta lei orgánica, ademais, incorpora ao noso ordenamento interno os instrumentos que permitirán unha eficaz protección dos datos das persoas físicas fronte ao seu tratamento por parte das autoridades competentes con fins de prevención, detección, investigación ou axuízamento de infraccións penais ou de execución de sancións penais, incluídas a protección e a prevención fronte ás ameazas contra a seguridade pública.

Polo que respecta ao principio de seguridade xurídica, en razón da materia obxecto de regulación, a transposición da directiva realízase mediante unha lei orgánica, cuxa tramitación e integración no ordenamento xurídico goza das garantías que amparan as normas desta natureza.

En canto ao principio de proporcionalidade, esta lei orgánica recolle un importante número de garantías orientadas a que o tratamento de datos persoais sexa proporcional, oportuno, mínimo e suficiente para o cumprimento dos fins que se perseguen. En particular, o seu tratamento suxéitase aos principios que rexen o tratamento de datos persoais, polo que se exige que non sexan tratados para outros fins distintos dos establecidos na norma, salvo que o dito tratamento estea autorizado polo dereito da Unión Europea ou polo noso dereito interno. Cando os datos persoais sexan tratados para outros fins que non sexan os da prevención, detección, investigación ou axuízamento de infraccións penais ou de execución de sancións penais, incluídas a protección e a prevención fronte ás ameazas contra a seguridade pública, aplicarase o Regulamento xeral de protección de datos, a menos que o tratamento se efectúe como parte dunha actividade que quede fóra do ámbito de aplicación do dereito da Unión Europea.

Cúmprese, tamén, o principio de transparencia, posto que esta norma foi sometida aos correspondentes trámites de participación pública, isto é, o de consulta pública previa e o de audiencia e información pública.

Na tramitación desta lei orgánica, ademais dos diversos ministerios concernidos por razón da materia, emitiron informe a Axencia Española de Protección de Datos, a Axencia Vasca de Protección de Datos, a Autoridade Catalá de Protección de Datos, o Consello Fiscal, o Consello Xeral do Poder Xudicial, os departamentos de seguridade pública do Goberno Vasco e de Interior da Xeneralidade de Cataluña e, finalmente, o Consello de Estado. Trátase, polo tanto, dun texto no cal se incorporaron as consideracións de órganos tan relevantes como os expostos.

Por último, esta lei orgánica dítase ao abeiro das regras 1.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup> e 29.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúen ao Estado as competencias exclusivas, respectivamente, para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de

todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; sobre lexislación penal, penitenciaria e procesual; respecto ás bases do réxime xurídico das administracións públicas, o procedemento administrativo común e en relación co sistema de responsabilidade de todas as administracións públicas, e en materia de seguridade pública.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei orgánica ten por obxecto establecer as normas relativas á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos de carácter persoal por parte das autoridades competentes, con fins de prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais ou de execución de sancións penais, incluídas a protección e prevención fronte ás ameazas contra a seguridade pública.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Será de aplicación ao tratamento total ou parcialmente automatizado de datos persoais, así como ao tratamento non automatizado de datos persoais contidos ou destinados a seren incluídos nun ficheiro, realizado polas autoridades competentes, con fins de prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais, incluídas a protección e prevención fronte ás ameazas contra a seguridade pública.

2. O tratamento dos datos persoais levado a cabo con ocasión da tramitación por parte dos órganos xudiciais e fiscalías das actuacións ou procesos de que sexan competentes, así como o realizado dentro da xestión da Oficina xudicial e fiscal, no ámbito do artigo 1, rexeráse polo disposto nesta lei orgánica, sen prexuízo das disposicións da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, polas leis procesuais que lle sexan aplicables e, de ser o caso, pola Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal. As autoridades de protección de datos a que se refire o capítulo VI non serán competentes para controlar estas operacións de tratamento.

3. Quedan fóra do ámbito de aplicación desta lei orgánica os seguintes tratamentos de datos persoais:

a) Os realizados polas autoridades competentes para fins distintos dos previstos no artigo 1, incluídos os fins de arquivamento por razóns de interese público, investigación científica e histórica ou estatísticos. Estes tratamentos someteranse plenamente ao establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

b) Os levados a cabo polos órganos da Administración xeral do Estado no marco das actividades comprendidas no ámbito de aplicación do capítulo II do título V do Tratado da Unión Europea.

c) Os tratamentos que afecten actividades non comprendidas no ámbito de aplicación do dereito da Unión Europea.

d) Os sometidos á normativa sobre materias clasificadas, entre os cales se encontran os tratamentos relativos á Defensa nacional.

e) Os tratamentos realizados nas accións civís e procedementos administrativos ou de calquera índole vinculados cos procesos penais que non teñan como obxectivo directo ningún dos fins do artigo 1.



4. Esta lei orgánica non se aplicará aos tratamentos de datos de persoas falecidas, sen prexuízo do establecido no artigo seguinte.

#### Artigo 3. *Datos de persoas falecidas.*

1. As persoas vinculadas ao falecido por razóns familiares ou de feito, así como os seus herdeiros, poderanse dirixir ao responsable ou encargado do tratamento co obxecto de solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos datos daquel. Estes dereitos regularanse de acordo co disposto nesta lei orgánica.

2. En caso de falecemento de menores, estas facultades poderanas exercer tamén os seus representantes legais ou, no marco das súas competencias, o Ministerio Fiscal, que poderá actuar de oficio ou por instancia de calquera persoa interesada.

3. En caso de falecemento de persoas con discapacidade, estas facultades tamén as poderá exercer, ademais daqueles que sinala o punto anterior, quen fose designado para o exercicio de funcións de apoio, se tales facultades se entenden comprendidas nas medidas de apoio prestadas polo designado.

#### Artigo 4. *Autoridades competentes.*

1. Será autoridade competente, para os efectos desta lei orgánica, toda autoridade pública que teña competencias encomendadas legalmente para o tratamento de datos persoais con algún dos fins previstos no artigo 1.

En particular, terán esa consideración, no ámbito das súas respectivas competencias, as seguintes autoridades:

- a) As forzas e corpos de seguridade.
- b) As administracións penitenciarias.
- c) A Dirección Adxunta de Vixilancia Alfandegueira da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- d) O Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias.
- e) A Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo.

2. Tamén terán consideración de autoridades competentes as autoridades xudiciais da orde xurisdiccional penal e o Ministerio Fiscal.

#### Artigo 5. *Definicións.*

Para efectos desta lei orgánica entenderase por:

a) «Datos persoais»: toda información sobre unha persoa física identificada ou identificable («o interesado»); considerarase persoa física identificable toda persoa cuxa identidade se poida determinar, directa ou indirectamente, en particular mediante un identificador, por exemplo un nome, un número de identificación, uns datos de localización, un identificador en liña ou un ou varios elementos propios da identidade física, fisiolóxica, xenética, psíquica, económica, cultural ou social desa persoa.

b) «Tratamento»: calquera operación ou conxunto de operacións realizadas sobre datos persoais ou conxuntos de datos persoais, xa sexa por procedementos automatizados ou non, como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso, cotexo ou interconexión, limitación, supresión ou destrución.

c) «Limitación do tratamento»: a marcación dos datos persoais conservados co fin de limitar o seu tratamento no futuro.

d) «Elaboración de perfís»: toda forma de tratamento automatizado de datos persoais, consistente en utilizar datos persoais para avaliar determinados aspectos persoais dunha persoa física, en particular para analizar ou predicir aspectos relativos ao

rendemento profesional, situación económica, saúde, preferencias persoais, intereses, fiabilidade, comportamento, localización ou movementos desa persoa física.

e) «Pseudonimización»: o tratamento de datos persoais de maneira tal que xa non se poidan atribuír a un interesado sen utilizar información adicional, sempre que a dita información adicional se manteña por separado e estea suxeita a medidas técnicas e organizativas destinadas a garantir que os datos persoais non se atribúan a unha persoa física identificada ou identificable.

f) «Ficheiro»: todo conxunto estruturado de datos persoais, accesibles conforme criterios determinados, xa sexa centralizado, descentralizado ou dispersado de forma funcional ou xeográfica.

g) «Responsable do tratamento» ou «responsable»: a autoridade competente que, soa ou conxuntamente con outras, determine os fins e os medios do tratamento de datos persoais; no caso de que os fins e os medios do tratamento estean determinados polo dereito da Unión Europea ou pola lexislación española, as ditas normas poderán designar o responsable do tratamento, ou ben os criterios para o seu nomeamento.

h) «Encargado do tratamento» ou «encargado»: a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que trate datos persoais por conta do responsable do tratamento.

i) «Destinatario»: a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou calquera outro organismo a que se comuniquen datos persoais, tanto se se trata dun terceiro como se non. Con todo, non se considerarán destinatarios as autoridades públicas que poidan recibir datos persoais no marco dunha investigación concreta de conformidade coa lexislación española ou da Unión Europea; o tratamento de tales datos por parte das citadas autoridades públicas será conforme coas normas en materia de protección de datos aplicables aos fins do tratamento.

j) «Violación da seguridade dos datos persoais»: toda violación da seguridade que ocasione a destrución, perda ou alteración accidental ou ilícita, ou a comunicación ou acceso non autorizados a datos persoais transmitidos, conservados ou tratados doutra forma.

k) «Datos xenéticos»: datos persoais relativos ás características xenéticas herdadas ou adquiridas dunha persoa física, que proporcionen unha información única sobre a fisioloxía ou a saúde desa persoa, obtidos en particular da análise dunha mostra biolóxica da persoa física de que se trate.

l) «Datos biométricos»: datos persoais obtidos a partir dun tratamento técnico específico, relativos ás características físicas, fisiolóxicas ou de conduta dunha persoa física, que permitan ou confirmen a identificación única da dita persoa, como imaxes faciais ou datos dactiloscópicos.

m) «Datos relativos á saúde»: datos persoais relativos á saúde física ou mental dunha persoa física, incluída a prestación de servizos de atención sanitaria, que revelen información sobre o seu estado de saúde.

n) «Organización internacional»: unha organización internacional e os seus entes subordinados de dereito internacional público ou calquera outro organismo creado mediante un acordo entre dous ou máis países ou en virtude de tal acordo.

## CAPÍTULO II

### Principios, licitude do tratamento e videovixilancia

#### Sección 1.<sup>a</sup> Principios e licitude do tratamento

Artigo 6. *Principios relativos ao tratamento de datos persoais.*

1. Os datos persoais serán:

- a) Tratados de maneira lícita e leal.
- b) Recollidos con fins determinados, explícitos e lexítimos, e non serán tratados de forma incompatible con eses fins.

c) Adecuados, pertinentes e non excesivos en relación cos fins para os cales son tratados.

d) Exactos e, se for necesario, actualizados. Adoptaranse todas as medidas razoables para que se supriman ou rectifiquen, sen dilación indebida, os datos persoais que sexan inexactos con respecto aos fins para os cales son tratados.

e) Conservados de forma que permitan identificar o interesado durante un período non superior ao necesario para os fins para os cales son tratados.

f) Tratados de maneira que se garanta unha seguridade adecuada, incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental. Para iso utilizaranse as medidas técnicas ou organizativas adecuadas.

2. Os datos persoais recollidos polas autoridades competentes non serán tratados para outros fins distintos dos establecidos no artigo 1, salvo que o dito tratamento estea autorizado polo dereito da Unión Europea ou pola lexislación española. Cando os datos persoais sexan tratados para outros fins, aplicaranse o Regulamento xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, a menos que o tratamento se efectúe como parte dunha actividade que quede fóra do ámbito de aplicación do dereito da Unión Europea.

3. Os datos persoais poderán ser tratados polo mesmo responsable ou por outro, para fins establecidos no artigo 1 distintos daquel para o cal fosen recollidos, na medida en que concorran acumulativamente as dúas circunstancias seguintes:

a) Que o responsable do tratamento sexa competente para tratar os datos para esoutro fin, de acordo co dereito da Unión Europea ou coa lexislación española.

b) Que o tratamento sexa necesario e proporcionado para a consecución desoutro fin, de acordo co dereito da Unión Europea ou coa lexislación española.

4. O tratamento polo mesmo responsable ou por outro poderá incluír o arquivamento por razóns de interese público, e o uso científico, estatístico ou histórico para os fins establecidos no artigo 1, con suxeición ás garantías adecuadas para os dereitos e liberdades dos interesados.

5. O responsable do tratamento deberá garantir e estar en condicións de demostrar o cumprimento do establecido neste artigo.

#### Artigo 7. *Deber de colaboración.*

1. As administracións públicas, así como calquera persoa física ou xurídica, proporcionaranlles ás autoridades xudiciais, ao Ministerio Fiscal ou á Policía Xudicial os datos, informes, antecedentes e xustificantes que lles soliciten e que sexan necesarios para a investigación e axuizamento de infraccións penais ou para a execución das penas. A petición da Policía Xudicial deberase axustar exclusivamente ao exercicio das funcións que lle encomenda o artigo 549.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, e deberase efectuar sempre de forma motivada, concreta e específica, dando conta en todo caso á autoridade xudicial e fiscal.

A comunicación de datos, informes, antecedentes e xustificantes pola Administración tributaria, a Administración da Seguridade Social e a Inspección de Tráballo e Seguridade Social efectuarase de acordo coa súa lexislación respectiva.

2. Nos restantes casos, as administracións públicas, así como calquera persoa física ou xurídica, proporcionaranlles os datos, informes, antecedentes e xustificantes ás autoridades competentes que os soliciten, sempre que estes sexan necesarios para o desenvolvemento específico das súas misións para a prevención, detección e investigación de infraccións penais e para a prevención e protección fronte a un perigo real e grave para a seguridade pública. A petición da autoridade competente deberá ser concreta e específica e conter a motivación que acredite a súa relación cos indicados supostos.

3. Non será de aplicación o disposto nos puntos anteriores cando legalmente sexa exigible a autorización xudicial para solicitar os datos necesarios para o cumprimento dos fins do artigo 1.

4. Nos supostos recollidos nos puntos anteriores, o interesado non será informado da transmisión dos seus datos ás autoridades competentes, nin de ter facilitado que as ditas autoridades accedan a estes de calquera outra forma, co fin de garantir a actividade investigadora.

Co mesmo propósito, os suxeitos aos cales o ordenamento xurídico lles impoña un deber específico de colaboración coas autoridades competentes para o cumprimento dos fins establecidos no artigo 1 non informarán o interesado da transmisión dos seus datos ás ditas autoridades, nin de ter facilitado que as ditas autoridades accedan a estes de calquera outra forma, en cumprimento das súas obrigacións específicas.

#### Artigo 8. *Prazos de conservación e revisión.*

1. O responsable do tratamento determinará que a conservación dos datos persoais teña lugar só durante o tempo necesario para cumprir cos fins previstos no artigo 1.

2. O responsable do tratamento deberá revisar a necesidade de conservar, limitar ou suprimir o conxunto dos datos persoais contidos en cada unha das actividades de tratamento baixo a súa responsabilidade, como máximo cada tres anos, atendendo especialmente en cada revisión á idade do afectado, ao carácter dos datos e á conclusión dunha investigación ou procedemento penal. Se é posible, farase mediante o tratamento automatizado apropiado.

3. Con carácter xeral, o prazo máximo para a supresión dos datos será de vinte anos, salvo que concorran factores como a existencia de investigacións abertas ou delitos que non prescribisen, a non conclusión da execución da pena, reincidencia, necesidade de protección das vítimas ou outras circunstancias motivadas que fagan necesario o tratamento dos datos para o cumprimento dos fins do artigo 1.

#### Artigo 9. *Distinción entre categorías de interesados.*

O responsable do tratamento, na medida do posible, establecerá entre os datos persoais das distintas categorías de interesados distincións tales como:

- a) Persoas respecto das cales existan motivos fundados para presumir que cometesen, poidan cometer ou colaborar na comisión dunha infracción penal.
- b) Persoas condenadas ou sancionadas por unha infracción penal.
- c) Vítimas ou afectados por unha infracción penal ou que poidan selo.
- d) Terceiros involucrados nunha infracción penal, como son: persoas que poidan ser citadas a testificar en investigacións relacionadas con infraccións ou procesos penais posteriores, persoas que poidan facilitar información sobre as ditas infraccións, ou persoas de contacto ou asociados dunha das persoas mencionadas nas letras a) e b).

O anterior non debe impedir a aplicación do dereito á presunción de inocencia tal como o garante o artigo 24 da Constitución.

#### Artigo 10. *Verificación de la calidade dos datos persoais.*

1. O responsable do tratamento, na medida do posible, establecerá unha distinción entre os datos persoais baseados en feitos e os baseados en apreciacións persoais.

2. As autoridades competentes adoptarán todas as medidas razoables para garantir que os datos persoais que sexan inexactos, incompletos ou non estean actualizados non se transmitan nin se poñan á disposición de terceiros. En toda transmisión de datos trasladarase ao mesmo tempo a valoración da súa calidade, exactitude e actualización.

Na medida do posible, en todas as transmisións de datos persoais engadirase a información necesaria para que a autoridade competente receptora poida valorar ata que punto son exactos, completos e fiables, e en que medida están actualizados. Igualmente, a autoridade competente transmisora, na medida en que sexa factible, controlará a calidade dos datos persoais antes de transmitilos ou poñelos á disposición de terceiros.

3. Se se observa que os datos persoais transmitidos son incorrectos ou que se transmitiron ilegalmente, estas circunstancias poñeranse en coñecemento do destinatario sen dilación indebida. En tal caso, os datos deberanse rectificar ou suprimir, ou o tratamento deberase limitar de conformidade co previsto no artigo 23.

#### Artigo 11. *Licitude do tratamento.*

1. O tratamento só será lícito na medida en que sexa necesario para os fins sinalados no artigo 1 e o realice unha autoridade competente en exercicio das súas funcións.

2. Calquera lei que regule tratamentos de datos persoais para os fins incluídos dentro do ámbito de aplicación desta lei orgánica deberá indicar, polo menos, os obxectivos do tratamento, os datos persoais que vaian ser obxecto deste e as finalidades do tratamento.

#### Artigo 12. *Condicións específicas de tratamento.*

1. Cando o dereito da Unión Europea ou a lexislación española prevexa condicións específicas aplicables ao tratamento, a autoridade competente transmitente deberá informar o destinatario a que se transmitan os datos das ditas condicións e da obrigaón de respectalas.

2. As condicións específicas de tratamento poderán ser, entre outras, a prohibición de transmisión de datos ou da súa utilización para fins distintos para os cales foron transmitidos ou, en caso de limitación do dereito á información, a prohibición de darlle información ao interesado sen a autorización previa da autoridade transmisora.

3. A autoridade competente transmitente non lles aplicará, aos destinatarios doutros Estados membros da Unión Europea ou de organismos, axencias e órganos establecidos en virtude dos capítulos 4 e 5 do título V da terceira parte do Tratado de funcionamento da Unión Europea, condicións distintas das aplicables ás transmisións de datos similares dentro de España.

#### Artigo 13. *Tratamento de categorías especiais de datos persoais.*

1. O tratamento de datos persoais que revelen a orixe étnica ou racial, as opinións políticas, as conviccións relixiosas ou filosóficas ou a afiliación sindical, así como o tratamento de datos xenéticos, datos biométricos dirixidos a identificar de maneira unívoca unha persoa física, os datos relativos á saúde ou á vida sexual ou á orientación sexual dunha persoa física, só se permitirá cando sexa estritamente necesario, con suxeición ás garantías adecuadas para os dereitos e liberdades do interesado e cando se cumpra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Estea previsto por unha norma con rango de lei ou polo dereito da Unión Europea.
- b) Resulte necesario para protexer os intereses vitais, así como os dereitos e liberdades fundamentais do interesado ou doutra persoa física.
- c) O dito tratamento se refira a datos que o interesado fixese manifestamente públicos.

2. As autoridades competentes, no marco das súas respectivas funcións e competencias, poderán tratar datos biométricos dirixidos a identificar de maneira unívoca unha persoa física cos fins de prevención, investigación, detección de infraccións penais, incluídas a protección e a prevención fronte ás ameazas contra a seguridade pública.

3. Os datos dos menores de idade e das persoas con capacidade modificada xudicialmente ou que estean incursas en procesos da dita natureza trataranse garantindo o interese superior destes e co nivel de seguridade adecuado.

#### Artigo 14. *Mecanismo de decisión individual automatizado.*

1. Están prohibidas as decisións baseadas unicamente nun tratamento automatizado, incluída a elaboración de perfís, que produzan efectos xurídicos negativos para o



interesado ou que o afecten significativamente, salvo que sexa autorizado expresamente por unha norma con rango de lei ou polo dereito da Unión Europea. A norma habilitante do tratamento deberá establecer as medidas adecuadas para salvagardar os dereitos e liberdades do interesado, incluído o dereito a obter a intervención humana no proceso de revisión da decisión adoptada.

2. As decisións a que se refire o punto anterior non se basearán nas categorías especiais de datos persoais recollidas no artigo 13, salvo que se tomasen as medidas adecuadas para salvagardar os dereitos e liberdades e os intereses lexítimos do interesado.

3. Queda prohibida a elaboración de perfís que dea lugar a unha discriminación das persoas físicas sobre a base de categorías especiais de datos persoais establecidas no artigo 13.

*Sección 2.<sup>a</sup> Tratamento de datos persoais no ámbito da videovixilancia por forzas e corpos de seguridade*

*Artigo 15. Sistemas de gravación de imaxes e son polas forzas e corpos de seguridade.*

1. A captación, reprodución e tratamento de datos persoais polas forzas e corpos de seguridade nos termos previstos nesta lei orgánica, así como as actividades preparatorias, non se considerarán intromisións ilexítimas no dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, para os efectos do establecido no artigo 2.2 da Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

2. Na instalación de sistemas de gravación de imaxes e sons teranse en conta, conforme o principio de proporcionalidade, os seguintes criterios: asegurar a protección dos edificios e instalacións propias; asegurar a protección de edificios e instalacións públicas e dos seus accesos que estean baixo custodia; salvagardar e protexer as instalacións útiles para a seguridade nacional e previr, detectar ou investigar a comisión de infraccións penais e a protección e prevención fronte ás ameazas contra a seguridade pública.

*Artigo 16. Instalación de sistemas fixos.*

1. Nas vías ou lugares públicos onde se instalen videocámaras fixas, o responsable do tratamento deberá realizar unha valoración do citado principio de proporcionalidade na súa dobre versión de idoneidade e intervención mínima. Así mesmo, deberá levar a cabo unha análise dos riscos ou unha avaliación de impacto de protección de datos relativo ao tratamento que se pretenda realizar, en función do nivel de prexuízo que poida derivar para a cidadanía e da finalidade perseguida.

Entenderase por videocámara fixa aquela ancorada a un soporte fixo ou fachada, aínda que o sistema de gravación se poida mover en calquera dirección.

2. Esta disposición aplicarase, así mesmo, cando as forzas e corpos de seguridade utilicen instalacións fixas de videocámaras das cales non sexan titulares e exista, pola súa banda, un control e dirección efectiva do proceso completo de tratamento.

3. Estas instalacións fixas de videocámaras non estarán suxeitas ao control preventivo das entidades locais previsto na súa lexislación reguladora básica, nin ao exercicio das competencias das diferentes administracións públicas, sen prexuízo de que deban respectar os principios da lexislación vixente en cada ámbito material da actuación administrativa.

4. Os propietarios e, de ser o caso, os titulares de dereitos reais sobre os bens afectados por estas instalacións, ou quen os posúa por calquera título, están obrigados a facilitar e permitir a súa instalación e mantemento, sen prexuízo das indemnizacións que procedan.

5. Os cidadáns serán informados de maneira clara e permanente da existencia destas videocámaras fixas, sen especificar a súa localización, así como da autoridade responsable do tratamento ante a cal poderen exercer os seus dereitos.

#### Artigo 17. *Dispositivos móbiles.*

1. Poderanse utilizar dispositivos de toma de imaxes e son de carácter móbil para o mellor cumprimento dos fins previstos nesta lei orgánica, conforme as competencias específicas das forzas e corpos de seguridade. A toma de imaxe e son, que debe ser conxunta, queda supeditada, en todo caso, á concorrencia dun perigo ou evento concreto. O uso dos dispositivos móbiles deberá estar autorizado pola persoa titular da delegación ou subdelegación do Goberno, quen atenderá á natureza dos eventuais feitos susceptibles de filmación, adecuando a utilización dos ditos dispositivos aos principios de tratamento e ao de proporcionalidade.

No caso dos corpos de policía propios das comunidades autónomas que teñan e exerzan competencias asumidas para a protección das persoas e bens e para o mantemento da orde pública, serán os seus órganos correspondentes os que autorizarán este tipo de actuacións para as súas forzas policiais, así como para as dependentes das corporacións locais radicadas no seu territorio.

2. Nestes supostos de dispositivos móbiles, as autorizacións non se poderán conceder en ningún caso con carácter indefinido ou permanente, e serán outorgadas polo prazo adecuado á natureza e ás circunstancias derivadas do perigo ou evento concreto, por un período máximo dun mes prorrogable por outro.

3. En casos de urxencia ou necesidade inaprazable, será o responsable operativo das forzas e corpos de seguridade competentes o que poderá determinar o seu uso, e tal actuación será comunicada coa maior brevidade posible, sempre no prazo de 24 horas, ao delegado ou subdelegado do Goberno ou á autoridade competente das comunidades autónomas.

#### Artigo 18. *Tratamento e conservación das imaxes.*

1. Unha vez realizada a filmación de acordo cos requisitos establecidos nesta lei orgánica, se a gravación capta a comisión de feitos que poidan ser constitutivos de infraccións penais, as forzas e corpos de seguridade poñerán a cinta ou o soporte orixinal das imaxes e sons na súa integridade á disposición xudicial, o máis axiña posible e, en todo caso, no prazo máximo de setenta e dúas horas desde a súa gravación. De non se poder redactar o atestado en tal prazo, relataranse verbalmente os feitos á autoridade xudicial ou ao Ministerio Fiscal, xunto coa entrega da gravación.

2. De se captaren feitos que poidan ser constitutivos de infraccións administrativas relacionadas coa seguridade pública, remitiranse ao órgano competente, de inmediato, para o inicio do oportuno procedemento sancionador.

3. As gravacións serán destruídas no prazo máximo de tres meses desde a súa captación, salvo que estean relacionadas con infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves en materia de seguridade pública, suxeitas a unha investigación policial en curso ou cun procedemento xudicial ou administrativo aberto.

#### Artigo 19. *Réxime disciplinario.*

1. Sen prexuízo das responsabilidades penais en que poidan incurrir, as infraccións ao disposto nesta lei orgánica polos membros das forzas e corpos de seguridade serán sancionadas conforme o réxime disciplinario correspondente aos infractores e, na súa falta, con suxeición ao réxime xeral de sancións en materia de protección de datos de carácter persoal establecido nesta lei orgánica.

2. Consideraranse faltas moi graves no réxime disciplinario das forzas e corpos de seguridade do Estado as seguintes infraccións:

- a) Alterar ou manipular os rexistros de imaxes e sons, sempre que non constitúa delito.
- b) Permitir o acceso de persoas non autorizadas ás imaxes e sons gravados ou utilízalos para fins distintos dos previstos legalmente.
- c) Reproducir as imaxes e sons para fins distintos dos previstos nesta lei orgánica.
- d) Utilizar os medios técnicos regulados nesta lei orgánica para fins distintos dos previstos nela.

### CAPÍTULO III

#### Dereitos das persoas

##### Sección 1.<sup>a</sup> Réxime xeral

Artigo 20. *Condicións xerais de exercicio dos dereitos dos interesados.*

1. O responsable do tratamento deberalle facilitar ao interesado, de forma concisa, intelixible, de fácil acceso e con linguaxe clara e sinxela para todas as persoas, incluídas aquelas con discapacidade, toda a información recollida no artigo 21, así como a derivada dos artigos 14, 22 a 26 e 39.

Ademais, o responsable do tratamento deberá adoptar as medidas necesarias para garantirlle ao interesado o exercicio dos seus dereitos a que se refiren os artigos 14 e 22 a 26.

2. O interesado, con capacidade de obrar, poderá actuar no seu propio nome e representación ou por medio de representantes, de acordo co previsto na normativa sobre o procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. A información será facilitada por calquera medio adecuado, incluídos os medios electrónicos, e procuraráse utilizar o mesmo medio empregado na solicitude.

4. O responsable do tratamento informará por escrito o interesado, sen dilación indebida, sobre o curso dado á súa solicitude. A solicitude entenderase desestimada se, transcorrido un mes desde a súa presentación, non foi resolta expresamente e notificada ao interesado.

5. A información a que se refire o número 1 facilitarase gratuitamente. Cando as solicitudes dun interesado sexan manifestamente infundadas ou excesivas, en particular debido ao seu carácter repetitivo, o responsable do tratamento poderá inadmitilas a trámite, mediante resolución motivada.

O responsable do tratamento deberá demostrar o carácter manifestamente infundado ou excesivo da solicitude.

En todo caso, considerarase que a solicitude é repetitiva cando se realicen tres solicitudes sobre o mesmo suposto durante o prazo de seis meses, salvo que exista causa lexítima para iso.

6. Cando o responsable do tratamento teña dúbidas razoables acerca da identidade da persoa física que formula a solicitude a que se refiren os artigos 22 e 23, requirirá para que facilite a información complementaria que resulte necesaria para confirmar a súa identidade no prazo de dez días. Transcorrido o dito prazo sen que se achegue a información, considerarase desistida da súa petición mediante resolución motivada. O prazo a que se refire o número 4 comezará a computarse desde a data en que se facilite a dita información complementaria.

Artigo 21. *Información que se debe poñer á disposición do interesado.*

1. O responsable do tratamento dos datos poñerá á disposición do interesado, polo menos, a seguinte información:

- a) A identificación do responsable do tratamento e os seus datos de contacto.

- b) Os datos de contacto do delegado de protección de datos, de ser o caso.
- c) Os fins do tratamento a que se destinen os datos persoais.
- d) O dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de protección de datos competente e os datos de contacto dela.
- e) O dereito a solicitar do responsable do tratamento o acceso aos datos persoais relativos ao interesado e a súa rectificación, supresión ou a limitación do seu tratamento.

2. Ademais da información a que se refire o número 1, atendendo ás circunstancias do caso concreto, o responsable do tratamento proporcionaralle ao interesado a seguinte información adicional para permitir o exercicio dos seus dereitos:

- a) A base xurídica do tratamento.
- b) O prazo durante o cal se conservarán os datos persoais ou, cando isto non sexa posible, os criterios utilizados para determinar ese prazo.
- c) As categorías de destinatarios dos datos persoais, cando corresponda, en particular os establecidos en Estados que non sexan membros da Unión Europea ou organizacións internacionais.
- d) Calquera outra información necesaria, en especial cando os datos persoais se recollen sen coñecemento do interesado.

Artigo 22. *Dereito de acceso do interesado aos seus datos persoais.*

1. O interesado terá dereito a obter do responsable do tratamento confirmación de se se están tratando ou non datos persoais que lle concirnen. No caso de que se confirme o tratamento, o interesado terá dereito a acceder aos ditos datos persoais, así como á seguinte información:

- a) Os fins e a base xurídica do tratamento.
- b) As categorías de datos persoais de que se trate.
- c) Os destinatarios ou as categorías de destinatarios a quen fosen comunicados os datos persoais, en particular os destinatarios establecidos en Estados que non sexan membros da Unión Europea ou organizacións internacionais.
- d) O prazo de conservación dos datos persoais, cando sexa posible, ou, en caso contrario, os criterios utilizados para determinar o dito prazo.
- e) A existencia do dereito a solicitar do responsable do tratamento a rectificación ou supresión dos datos persoais relativos ao interesado ou a limitación do seu tratamento.
- f) O dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de protección de datos competente e os datos de contacto dela.
- g) A comunicación dos datos persoais obxecto de tratamento, así como calquera información dispoñible sobre a súa orixe, sen revelar a identidade de ningunha persoa física, en especial no caso de fontes confidenciais.

2. Cando o responsable trate unha gran cantidade de información relativa ao interesado e este exerza o seu dereito de acceso sen especificar se se refire a todos ou a unha parte dos datos, o responsable poderalle requirir ao interesado que concrete a súa solicitude no prazo de dez días.

3. Entenderase concedido o dereito de acceso se o responsable do tratamento lle facilita ao interesado un sistema remoto, directo e seguro que garanta, de modo permanente, o acceso á totalidade dos seus datos persoais. A notificación en que se informe o interesado do procedemento posto en marcha a través deste sistema permitirá denegar a súa solicitude de acceso efectuada por outras vías.

Se o acceso remoto non facilita a totalidade da información contida no número 1, o interesado terá dereito a solicitala.

4. Cando o interesado elixa un medio distinto ao que se lle ofrece que supoña un custo desproporcionado, a solicitude será considerada excesiva, polo que o dito interesado asumirá o exceso de custo que a súa elección comporte. Neste caso, só será exixible ao responsable do tratamento que a satisfacción do dereito de acceso a través do medio

proposto se produza sen dilacións indebidas. Se o interesado non asume o exceso de custo, facilitaráselle o acceso polo medio inicialmente proposto polo responsable do tratamento.

*Artigo 23. Dereitos de rectificación, supresión de datos persoais e limitación do seu tratamento.*

1. O interesado terá dereito a obter do responsable do tratamento, sen dilación indebida, a rectificación dos datos persoais que lle concirnen, cando tales datos resulten inexactos.

Tendo en conta os fins do tratamento, o interesado terá dereito a que se completen os datos persoais cando estes resulten incompletos.

O interesado deberá indicar na súa solicitude a que datos se refire e a corrección que se deba realizar. Deberá xuntar, cando sexa preciso, a documentación xustificativa do carácter incompleto ou inexacto dos datos obxecto de tratamento.

2. O responsable do tratamento, por iniciativa propia ou como consecuencia do exercicio do dereito de supresión do interesado, suprimirá os datos persoais sen dilación indebida e, en todo caso, no prazo máximo dun mes contado desde que teña coñecemento, cando o tratamento infrinxa os artigos 6, 11 ou 13, ou cando os datos persoais deban ser suprimidos en virtude dunha obrigaón legal a que estea suxeito.

3. En lugar de proceder á supresión, o responsable do tratamento limitará o tratamento dos datos persoais cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Cando o interesado poña en dúbida a exactitude dos datos persoais e non se poida determinar a súa exactitude ou inexactitude.
- b) Cando os datos persoais se deban conservar para efectos probatorios.

Cando o tratamento estea limitado en virtude da letra a), o responsable do tratamento informará o interesado antes de levantar a limitación do tratamento.

4. No caso de que o responsable do tratamento rectifique uns datos persoais inexactos que proveñan doutra autoridade competente, deberáselle comunicar a esta a rectificación.

5. Cando os datos persoais fosen rectificadas ou suprimidos ou o tratamento fose limitado, o responsable do tratamento notificarállelo aos destinatarios, que deberán rectificar ou suprimir os datos persoais que estean baixo a súa responsabilidade ou limitar o seu tratamento.

*Artigo 24. Restricións aos dereitos de información, acceso, rectificación, supresión de datos persoais e á limitación do seu tratamento.*

1. O responsable do tratamento poderá aprazar, limitar ou omitir a información a que se refire o artigo 21.2, así como denegar, total ou parcialmente, as solicitudes de exercicio dos dereitos recollidos nos artigos 22 e 23, sempre que, tendo en conta os dereitos fundamentais e os intereses lexítimos da persoa afectada, resulte necesario e proporcional para a consecución dos seguintes fins:

- a) Impedir que se obstaculicen indagacións, investigacións ou procedementos xudiciais.
- b) Evitar que se cause prexuízo á prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais ou á execución de sancións penais.
- c) Protexer a seguridade pública.
- d) Protexer a seguridade nacional.
- e) Protexer os dereitos e as liberdades doutras persoas.

2. En caso de restrición dos dereitos recollidos nos artigos 22 e 23, o responsable do tratamento informará por escrito o interesado sen dilación indebida e, en todo caso, no prazo dun mes contado desde que teña coñecemento da dita restrición, das razóns desta,



así como das posibilidades de presentar unha reclamación ante a autoridade de protección de datos, sen prexuízo das restantes accións xudiciais que poida exercer en virtude do disposto nesta lei orgánica.

As razóns da restrición poderán ser omitidas ou ser substituídas por unha redacción neutra cando a revelación dos motivos da restrición poida poñer en risco os fins a que se refire o punto anterior.

3. O responsable do tratamento documentará os fundamentos de feito ou de dereito en que se sustente a decisión denegatoria do exercicio do dereito de acceso. A dita información estará á disposición das autoridades de protección de datos.

**Artigo 25. *Exercicio dos dereitos do interesado a través da autoridade de protección de datos.***

1. Nos casos en que se produza un aprazamento, limitación ou omisión da información a que se refire o artigo 21 ou unha restrición do exercicio dos dereitos recollidos nos artigos 22 e 23, nos termos previstos no artigo 24, o interesado poderá exercer os seus dereitos a través da autoridade de protección de datos competente. O responsable do tratamento informará o interesado desta posibilidade.

2. Cando, en virtude do establecido no punto anterior, se exerzan os dereitos a través da autoridade de protección de datos, esta deberá informar o interesado, polo menos, da realización de todas as comprobacións necesarias ou a revisión correspondente e do seu dereito a interpoñer recurso contencioso-administrativo.

#### *Sección 2.ª Réxime especial*

**Artigo 26. *Dereitos dos interesados como consecuencia de investigacións e procesos penais.***

1. O exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, supresión e limitación do tratamento a que se fai referencia nos artigos anteriores levarase a cabo de conformidade coas normas procesuais penais cando os datos persoais figuren nunha resolución xudicial, ou nun rexistro, dilixencias ou expedientes tramitados no curso de investigacións e procesos penais.

2. Cando os datos sexan obxecto dun tratamento con fins xurisdicionais de que sexa responsable un órgano da orde xurisdiccional penal, ou o Ministerio Fiscal, o exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, supresión e limitación do tratamento realizarase de conformidade co previsto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, nas normas procesuais e, de ser o caso, no Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

3. Na falta de regulación do exercicio destes dereitos nas ditas normas, aplicarase o disposto nesta lei orgánica.

### CAPÍTULO IV

#### **Responsable e encargado de tratamento**

##### *Sección 1.ª Obrigacións xerais*

**Artigo 27. *Obrigacións do responsable do tratamento.***

1. O responsable do tratamento, tomando en consideración a natureza, o ámbito, o contexto e os fins do tratamento, así como os niveis de risco para os dereitos e liberdades das persoas físicas, aplicará as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir que o tratamento se leve a cabo de acordo con esta lei orgánica e co previsto na lexislación sectorial e nas súas normas de desenvolvemento. Tales medidas revisaranse e actualizaranse cando resulte necesario.

2. Entre as medidas mencionadas no punto anterior incluírase a aplicación das oportunas políticas de protección de datos, cando sexan proporcionadas en relación coas actividades de tratamento.

*Artigo 28. Protección de datos desde o deseño e por defecto.*

1. No momento de determinar os medios para o tratamento, así como no momento do tratamento propiamente dito, deberán aplicarse as medidas técnicas e organizativas que resulten apropiadas conforme o estado da técnica e o custo da aplicación, a natureza, o ámbito, o contexto, os fins do tratamento e os riscos para os dereitos e liberdades das persoas físicas. O obxectivo será salvaguardar os principios de protección de datos de forma efectiva, á vez que integrar as garantías necesarias no tratamento. Entre estas medidas técnicas poderase adoptar a pseudonimización dos datos persoais, para os efectos de contribuír á aplicación dos principios establecidos nesta lei orgánica, en particular o de minimización de datos persoais.

2. Ademais, as medidas técnicas e organizativas deberán garantir que, por defecto, só sexan obxecto de tratamento os datos persoais que resulten necesarios para cada un dos fins específicos do tratamento. A dita obrigaçión aplicarase á cantidade de datos persoais recollidos, á extensión do seu tratamento, ao seu período de conservación e á súa accesibilidade.

Tales medidas garantirán que, por defecto, os datos persoais non sexan accesibles a un número indeterminado de persoas sen intervención humana.

*Artigo 29. Supostos de coresponsabilidade no tratamento.*

1. Cando dous ou máis responsables do tratamento determinen conxuntamente os obxectivos e os medios de tratamento, serán considerados coresponsables do tratamento.

2. Salvo que as responsabilidades fosen previstas polo dereito da Unión Europea ou pola lexislación española, os coresponsables do tratamento establecerán de modo transparente e de mutuo acordo, a través do instrumento oportuno, as súas respectivas responsabilidades no cumprimento desta lei orgánica, en particular no referido ao exercicio dos dereitos do interesado e ás súas respectivas obrigaçións na subministración da información recollida no artigo 21.

O citado acordo designará o punto de contacto para os interesados, a menos que veña xa determinado legalmente.

A concreción das responsabilidades realizarase atendendo ás actividades que efectivamente desenvolva cada un dos coresponsables do tratamento.

*Artigo 30. Encargado do tratamento.*

1. Cando unha operación de tratamento vaia ser levada a cabo por conta dun responsable do tratamento, este recorrerá unicamente a encargados que ofrezan garantías suficientes para aplicar medidas técnicas e organizativas apropiadas, de maneira que o tratamento sexa conforme cos requisitos desta lei orgánica e garanta a protección dos dereitos do interesado.

O encargado poderá ser unha persoa física ou xurídica, de natureza privada ou pública.

2. O encargado do tratamento non recorrerá a outro encargado sen a autorización previa por escrito do responsable do tratamento. O encargado informará sempre o responsable de calquera cambio previsto referido á adición ou substitución doutros encargados, e o responsable poderase opoñer aos ditos cambios.

3. O tratamento por medio dun encargado rexeráse por un contrato, convenio ou outro instrumento xurídico que corresponda, por escrito, incluída a posibilidade do formato electrónico, concluído conforme o dereito da Unión Europea ou a lexislación española. O dito instrumento xurídico vinculará o encargado co responsable e fixará o obxecto e a

duración do tratamento, a súa natureza e finalidade, o tipo de datos persoais e categorías de interesados, así como as obrigacións e os dereitos do responsable.

O instrumento xurídico estipulará, en particular, que o encargado do tratamento deberá:

- a) Actuar unicamente seguindo as instrucións do responsable do tratamento.
- b) Garantir, a través do instrumento ou sistema oportuno, que as persoas autorizadas para tratanen datos persoais se comprometesen a respectar a confidencialidade ou estean suxeitas a unha obrigación profesional de segredo ou confidencialidade.
- c) Asistir o responsable do tratamento por calquera medio adecuado para garantir o cumprimento das disposicións sobre os dereitos do interesado.
- d) Suprimir ou devolver, á elección do responsable do tratamento, todos os datos persoais ao responsable do tratamento, unha vez que finalice a prestación dos servizos de tratamento, así como suprimir as copias existentes, a menos que o dereito da Unión Europea ou a lexislación española requiran a conservación dos datos persoais.
- e) Poñer á disposición do responsable do tratamento toda a información necesaria para demostrar o cumprimento destas obrigacións.
- f) Respectar as condicións indicadas neste punto e no número 2 para contratar outro encargado do tratamento.

4. Se un encargado do tratamento determina os fins e medios do dito tratamento, infrinxindo esta lei orgánica, será considerado responsable con respecto a ese tratamento.

5. O encargado do tratamento rexerese, no non previsto por esta lei orgánica, polo establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

#### Artigo 31. *Tratamento baixo a autoridade do responsable ou do encargado do tratamento.*

O encargado do tratamento, así como calquera persoa que actúe baixo a autoridade do responsable ou do encargado do tratamento e teña acceso a datos persoais, só poderá sometelos a tratamento seguindo instrucións do responsable do tratamento, a menos que estea obrigado a facelo polo dereito da Unión Europea ou pola lexislación española.

#### Artigo 32. *Rexistros das actividades de tratamento.*

1. Cada responsable debe conservar un rexistro de todas as actividades de tratamento de datos persoais efectuadas baixo a súa responsabilidade. O dito rexistro deberá conter a información seguinte:

- a) A identificación do responsable do tratamento e os seus datos de contacto, así como, de ser o caso, do corresponsable e do delegado de protección de datos.
- b) Os fins do tratamento.
- c) As categorías de destinatarios aos cales se lles comunicasen ou se lles vaian comunicar os datos persoais, incluídos os destinatarios en Estados que non sexan membros da Unión Europea ou organizacións internacionais.
- d) A descrición das categorías de interesados e das categorías de datos persoais.
- e) O recurso á elaboración de perfís, de ser o caso.
- f) As categorías de transferencias de datos persoais a un Estado que non sexa membro da Unión Europea ou a unha organización internacional, de ser o caso.
- g) A indicación da base xurídica do tratamento, así como, de ser o caso, as transferencias internacionais das cales van ser obxecto os datos persoais.
- h) Os prazos previstos para a supresión das diferentes categorías de datos persoais, cando sexa posible.
- i) A descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade a que se refire o artigo 37.1, cando sexa posible.

2. Cada encargado do tratamento levará un rexistro de todas as actividades de tratamento de datos persoais efectuadas en nome dun responsable. Este rexistro conterá a información seguinte:

- a) O nome e os datos de contacto do encargado ou encargados do tratamento, de cada responsable do tratamento en cuxo nome actúe o encargado e, de ser o caso, do delegado de protección de datos.
- b) As categorías de tratamentos efectuados en nome de cada responsable.
- c) As transferencias de datos persoais a un Estado que non sexa membro da Unión Europea ou a unha organización internacional, de ser o caso, incluída a identificación do dito Estado ou da dita organización internacional cando o responsable do tratamento así ordene explicitamente.
- d) A descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade ás cales se refire o artigo 37.1, cando sexa posible.

3. Os rexistros referidos neste artigo estableceranse e levaranse por escrito, incluída a posibilidade do formato electrónico.

Estes rexistros estarán á disposición da autoridade de protección de datos competente, por solicitude desta, de conformidade co disposto legalmente.

4. Os responsables dos tratamentos farán público o rexistro das súas actividades de tratamento, accesible por medios electrónicos, no cal constará a información a que se refire o número 1.

#### Artigo 33. *Rexistro de operacións.*

1. Os responsables e encargados do tratamento deberán manter rexistros de, polo menos, as seguintes operacións de tratamento en sistemas de tratamento automatizados: recollida, alteración, consulta, comunicación, incluídas as transferencias, e combinación ou supresión. Os rexistros de consulta e comunicación farán posible determinar a xustificación, a data e a hora de tales operacións e, na medida do posible, o nome da persoa que consultou ou comunicou os datos persoais, así como a identidade dos destinatarios dos ditos datos persoais.

2. Estes rexistros utilizaranse unicamente para os efectos de verificar a legalidade do tratamento, controlar o cumprimento das medidas e das políticas de protección de datos e garantir a integridade e a seguridade dos datos persoais no ámbito dos procesos penais.

Os ditos rexistros estarán á disposición da autoridade de protección de datos competente, por solicitude desta, de conformidade co disposto legalmente.

#### Artigo 34. *Cooperación coas autoridades de protección de datos.*

O responsable e o encargado do tratamento cooperarán coa autoridade de protección de datos competente, no marco da lexislación vixente, cando esta o solicite no desempeño das súas funcións.

#### Artigo 35. *Avaliación de impacto relativa á protección de datos.*

1. Cando sexa probable que un tipo de tratamento, en particular se utiliza novas tecnoloxías, supoña pola súa natureza, alcance, contexto ou fins un alto risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas, o responsable do tratamento realizará, con carácter previo, unha avaliación do impacto das operacións de tratamento previstas na protección de datos persoais.

2. A avaliación incluírá, como mínimo, unha descrición xeral das operacións de tratamento previstas, unha avaliación de riscos para os dereitos e liberdades dos interesados, as medidas previstas para facer fronte a estes perigos, así como as medidas de seguridade e mecanismos destinados a garantir a protección dos datos persoais e a demostrar a súa conformidade con esta lei orgánica. Esta avaliación terá en conta os dereitos e intereses lexítimos dos interesados e das demais persoas afectadas.

3. As autoridades de protección de datos poderán establecer unha lista de tratamentos que estean suxeitos á realización dunha avaliación de impacto conforme o disposto no punto anterior e, do mesmo xeito, poderán establecer unha lista de tratamentos que non estean suxeitos a esta obriga. Ambas as listas terán un carácter meramente orientativo.

Artigo 36. *Consulta previa á autoridade de protección de datos.*

1. O responsable ou o encargado do tratamento consultará a autoridade de protección de datos, antes de proceder ao tratamento de datos persoais que vaian formar parte dun novo ficheiro, en calquera das seguintes circunstancias:

a) Cando a avaliación do impacto na protección dos datos indique que o tratamento entrañaría un alto nivel de risco, na falta de medidas adoptadas polo responsable para mitigar o risco ou os posibles danos.

b) Cando o tipo de tratamento poida xerar un alto nivel de risco para os dereitos e liberdades dos interesados, en particular cando se usen tecnoloxías, mecanismos ou procedementos novos.

2. A autoridade de protección de datos correspondente poderá establecer unha lista, de carácter orientativo, das operacións de tratamento suxeitas a consulta previa, conforme o disposto no punto anterior.

3. O responsable do tratamento facilitaralle á autoridade de protección de datos competente a avaliación de impacto recollida no artigo 35 e, logo de solicitude, calquera información adicional que lle permita á dita autoridade de protección de datos avaliar a conformidade do tratamento e, máis concretamente, o nivel de risco para a protección dos datos persoais do interesado e as garantías correspondentes.

4. Cando a autoridade de protección de datos considere que o tratamento previsto no número 1 pode infrinxir o disposto nesta lei orgánica deberá, nun prazo de seis semanas desde a solicitude da consulta, asesorar por escrito o responsable do tratamento e, de ser o caso, o encargado do tratamento, en especial cando o responsable do tratamento non identifique ou mitigue suficientemente o perigo ou o nivel de risco. Así mesmo, a autoridade de protección de datos poderá exercer calquera das súas potestades de investigación, corrección ou consulta.

Este prazo poderase prorrogar un mes, en función da complexidade do tratamento previsto. A autoridade de protección de datos informará o responsable e, de ser o caso, o encargado acerca da prórroga, no prazo dun mes a partir da recepción da solicitude de consulta, xunto cos motivos da dilación.

En caso de non contestar a consulta no prazo previsto, non operará a presunción do seu carácter favorable.

*Sección 2.<sup>a</sup> Seguridade dos datos persoais*

Artigo 37. *Seguridade do tratamento.*

1. O responsable e o encargado do tratamento, tendo en conta o estado da técnica e os custos de aplicación, e a natureza, o alcance, o contexto e os fins do tratamento, así como os niveis de risco para os dereitos e liberdades das persoas físicas, aplicarán medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir un nivel de seguridade adecuado, especialmente no relativo ao tratamento das categorías de datos persoais ás cales que se refire o artigo 13. En particular, deberánlles aplicar aos tratamentos de datos persoais as medidas incluídas no Esquema nacional de seguridade.



2. Polo que respecta ao tratamento automatizado, o responsable ou encargado do tratamento, a raíz dunha avaliación dos riscos, poñerá en práctica medidas de control co seguinte propósito:

- a) No control de acceso aos equipamentos, denegar o acceso a persoas non autorizadas aos equipamentos utilizados para o tratamento.
- b) No control dos soportes de datos, impedir que estes poidan ser lidos, copiados, modificados ou cancelados por persoas non autorizadas.
- c) No control do almacenamento, impedir que se introduzan sen autorización datos persoais, ou que estes se poidan inspeccionar, modificar ou suprimir sen a autorización.
- d) No control dos usuarios, impedir que os sistemas de tratamento automatizado poidan ser utilizados por persoas non autorizadas por medio de instalacións de transmisión de datos.
- e) No control do acceso aos datos, garantir que as persoas autorizadas a utilizar un sistema de tratamento automatizado só poidan ter acceso aos datos persoais para os cales foron autorizadas.
- f) No control da transmisión, garantir que sexa posible verificar e establecer a que organismos se transmitiron ou se poden transmitir, ou a cuxa disposición se poden poñer os datos persoais mediante equipamentos de comunicación de datos.
- g) No control da introdución, garantir que se poida verificar e constatar, *a posteriori*, que datos persoais se introduciron nos sistemas de tratamento automatizado, en que momento e quen os introduciu.
- h) No control do transporte, impedir que durante as transferencias de datos persoais ou durante o transporte de soportes de datos os datos persoais poidan ser lidos, copiados, modificados ou suprimidos sen autorización.
- i) No control de restablecemento, garantir que os sistemas instalados se poidan restablecer en caso de interrupción.
- j) No control de fiabilidade e integridade, garantir que as funcións do sistema non presenten defectos, que os erros de funcionamento sexan sinalados e que os datos persoais almacenados non se degraden por fallos de funcionamento do sistema.

Artigo 38. *Notificación á autoridade de protección de datos dunha violación da seguridade dos datos persoais.*

1. Calquera violación da seguridade dos datos persoais será notificada polo responsable do tratamento á autoridade de protección de datos competente, a menos que sexa improbable que a violación da seguridade dos datos persoais constitúa un perigo para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.

A notificación deberase realizar no prazo das setenta e dúas horas seguintes ao momento en que se tivo constancia dela. En caso contrario, deberá ir acompañada dos motivos da dilación.

2. O encargado do tratamento notificaralle ao responsable do tratamento, sen dilación indebida, as violacións da seguridade dos datos persoais de que teña coñecemento.

3. A notificación recollida no número 1 deberá, polo menos:

- a) Referir a natureza da violación da seguridade dos datos persoais, incluídos, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de persoas afectadas, así como as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados pola violación da seguridade.
- b) Comunicar o nome e os datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto en que se poida obter máis información.
- c) Detallar as posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
- d) Describir as medidas adoptadas ou propostas polo responsable do tratamento para poñer remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluídas, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os seus posibles efectos negativos.

4. Se non for posible facilitar a información simultaneamente, poderase facilitar de forma progresiva, a medida que se dispoña dela.

5. O responsable do tratamento documentará calquera violación da seguridade dos datos persoais, incluídos os feitos relativos á dita violación, os seus efectos e as medidas correctivas adoptadas.

A dita documentación estará á disposición da autoridade de protección de datos competente co obxecto de verificar o cumprimento do disposto neste artigo.

6. Cando a violación da seguridade dos datos persoais afecte os datos que fosen transmitidos polo responsable do tratamento ou o responsable do tratamento doutro Estado membro da Unión Europea, a información recollida no número 3 comunicáraselle ao responsable do tratamento do dito Estado.

7. Todas as actividades relacionadas neste artigo se realizarán sen dilacións indebidas.

*Artigo 39. Comunicación dunha violación da seguridade dos datos persoais ao interesado.*

1. Cando existan indicios de que unha violación da seguridade dos datos persoais supoñería un alto risco para os dereitos e liberdades das persoas físicas, o responsable do tratamento comunicáralle ao interesado, sen dilación indebida, a violación da seguridade dos datos persoais.

2. A comunicación ao interesado describirá con linguaxe clara, sinxela e accesible, conforme as súas circunstancias e capacidades, a natureza da violación da seguridade dos datos persoais e conterà, polo menos, a información e as medidas a que se refire o artigo 38.3. b), c) e d).

3. Non se efectuará a comunicación ao interesado que prevé o número 1 cando se cumpra algunha das condicións seguintes:

a) Que o responsable do tratamento adoptase medidas apropiadas de protección técnica e organizativa e as ditas medidas se aplicasen aos datos persoais afectados pola violación da seguridade antes dela, en particular aquelas que fagan inintelixibles os datos persoais para calquera persoa que non estea autorizada a acceder a eles, como no caso da cifraxa.

b) Que o responsable do tratamento tomase medidas ulteriores para garantir que non se materialice o alto nivel de risco para os dereitos e liberdades do interesado a que fai referencia o número 1.

c) Que supoña un esforzo desproporcionado. Nese caso, optarase pola súa publicación no boletín oficial correspondente, na sede electrónica do responsable do tratamento ou noutra canle oficial que permita unha comunicación efectiva co interesado.

4. No suposto de que o responsable do tratamento non lle comunicase ao interesado a violación da seguridade dos datos persoais, a autoridade de protección de datos competente, unha vez valorada a existencia dun alto nivel de risco, poderalle exixir que efectúe a dita comunicación, ou ben que determine a concorrencia dalgunha das condicións previstas no número 3.

5. A comunicación ao interesado referida no número 1 poderase aprazar, limitar ou omitir con suxeición ás condicións e polos motivos previstos no artigo 24.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Delegado de protección de datos*

*Artigo 40. Designación do delegado de protección de datos.*

1. Os responsables do tratamento designarán, en todo caso, un delegado de protección de datos. Non estarán obrigados a designalo os órganos xurisdiccionais ou o Ministerio Fiscal cando o tratamento de datos persoais se realice no exercicio das súas funcións xurisdiccionais.

2. O delegado de protección de datos será designado atendendo ás súas calidades profesionais. En concreto, teranse en conta os seus coñecementos especializados en lexislación, a súa experiencia en materia de protección de datos e a súa capacidade para desempeñar as funcións a que se refire o artigo 42. No caso de ter designado un delegado de protección de datos ao abeiro do Regulamento xeral de protección de datos, este será o que asumirá as funcións de delegado de protección de datos previstas nesta lei orgánica.

3. Poderase designar un único delegado de protección de datos para varias autoridades competentes, tendo en conta a estrutura organizativa e o tamaño destas.

4. Os responsables do tratamento publicarán os datos de contacto do delegado de protección de datos e comunicaranlle á autoridade de protección de datos competente a súa designación e cesamento, no prazo de dez días desde que se producise.

#### Artigo 41. *Posición do delegado de protección de datos.*

1. O responsable do tratamento velará por que o delegado de protección de datos participe adecuada e oportunamente en todas as cuestións relativas á protección de datos persoais, á vez que coidará de que manteña os seus coñecementos especializados, conte cos recursos necesarios para o desempeño das súas funcións e acceda aos datos persoais e ás operacións de tratamento.

2. O delegado de protección de datos non poderá ser removido nin sancionado polo responsable ou polo encargado por desempeñar as súas funcións, salvo que incorrese en dolo ou negligencia grave no seu exercicio. Garantirase a independencia do delegado de protección de datos dentro da organización e deberase evitar calquera conflito de intereses.

3. No exercicio das súas funcións, o delegado de protección de datos terá acceso aos datos persoais e procesos de tratamento. A existencia de calquera deber de confidencialidade ou segredo non permitirá que o responsable ou o encargado do tratamento se opoña ao dito acceso.

4. Cando o delegado de protección de datos aprecie a existencia dunha vulneración relevante en materia de protección de datos, documentarao e comunicarlle inmediatamente aos órganos de dirección do responsable ou do encargado do tratamento.

#### Artigo 42. *Funcións do delegado de protección de datos.*

O responsable do tratamento encomendaralle ao delegado de protección de datos, polo menos, as seguintes funcións:

a) Informar e asesorar o responsable do tratamento e os empregados que se ocupen del acerca das obrigacións que lles incumben en virtude desta lei orgánica e doutras disposicións de protección de datos aplicables.

b) Supervisar o cumprimento do disposto nesta lei orgánica e noutras disposicións de protección de datos aplicables, así como do establecido nas políticas do responsable do tratamento en materia de protección de datos persoais, incluídas a asignación de responsabilidades, a concienciación e formación do persoal que participe nas operacións de tratamento e as auditorías correspondentes.

c) Ofrecer o asesoramento que se lle solicite acerca da avaliación de impacto relativa á protección de datos e supervisar a súa realización.

d) Cooperar coa autoridade de protección de datos nos termos da lexislación vixente.

e) Actuar como punto de contacto da autoridade de protección de datos para as cuestións relacionadas co tratamento, incluída a consulta previa referida no artigo 36, e realizar consultas, de ser o caso, sobre calquera outro asunto.

## CAPÍTULO V

**Transferencias de datos persoais a terceiros países que non sexan membros da Unión Europea ou a organizacións internacionais**

Artigo 43. *Principios xerais das transferencias de datos persoais.*

1. Co obxecto de garantir o nivel de protección das persoas físicas previsto nesta lei orgánica, calquera transferencia de datos persoais realizada polas autoridades competentes españolas a un Estado que non sexa membro da Unión Europea ou a unha organización internacional, incluídas as transferencias posteriores a outro Estado que non pertenza á Unión Europea ou a outra organización internacional, deberá cumprir as seguintes condicións:

- a) Que a transferencia sexa necesaria para os fins establecidos no artigo 1.
- b) Que os datos persoais sexan transferidos a un responsable do tratamento competente para os fins mencionados no artigo 1.
- c) Que, no caso de que os datos persoais fosen transferidos á autoridade competente española procedentes doutro Estado membro da Unión Europea, o dito Estado membro autorice previamente a transferencia ulterior de conformidade co seu dereito nacional.
- d) Que a Comisión Europea adoptase unha decisión de adecuación de acordo co artigo 44 ou, na falta da dita decisión, cando se achegasen ou existan garantías apropiadas de conformidade co artigo 45 ou, na falta de ambas, cando resulten de aplicación as excepcións para situacións específicas de acordo co artigo 46.
- e) Cando se trate dunha transferencia ulterior, a un Estado que non sexa membro da Unión Europea ou organización internacional, de datos transferidos inicialmente por unha autoridade competente española, esta autorizará a transferencia ulterior, unha vez considerados todos os factores pertinentes, entre eles a gravidade da infracción penal, a finalidade para a cal se transferiron inicialmente os datos persoais e o nivel de protección existente nese Estado ou organización internacional aos cales se transfiran posteriormente os datos persoais.

2. As transferencias de datos persoais por parte das autoridades españolas sen autorización previa doutro Estado membro, conforme o parágrafo 1.c), só se permitirán se a transferencia de datos persoais resulta necesaria para previr unha ameaza inmediata e grave para a seguridade pública, tanto dun Estado membro da Unión Europea como non pertencente a ela, ou para os intereses fundamentais dun Estado membro da Unión Europea, e cando a autorización previa non se poida conseguir ao seu debido tempo.

As autoridades españolas informarán sen dilación a autoridade responsable de conceder a autorización previa e, en todo caso, no prazo máximo de dez días contados desde que se producise a transferencia.

3. Impulsarase o establecemento de mecanismos de cooperación internacional e de asistencia mutua e fomentarse o intercambio de normativa e de boas prácticas cos Estados que non sexan membros da Unión Europea e coas organizacións internacionais, de maneira que se facilite a aplicación efectiva da lexislación sobre a protección de datos persoais, mesmo no ámbito da resolución de conflitos xurisdicionais, procurando a participación de todas as partes interesadas.

Artigo 44. *Transferencias baseadas nunha decisión de adecuación.*

1. Cando a Comisión Europea, mediante unha decisión de adecuación, decidise que un Estado que non sexa membro da Unión Europea, un territorio ou un ou varios sectores específicos do dito Estado, ou a organización internacional de que se trate, garanten un nivel de protección adecuado, poderanse realizar transferencias de datos persoais a ese Estado ou organización internacional. As ditas transferencias non requirirán ningunha autorización específica.

2. Toda decisión de adecuación da Comisión Europea que determine que un Estado que non sexa membro da Unión Europea, un territorio ou un ou varios sectores específicos do dito Estado, ou unha organización internacional, deixou de garantir un nivel de protección adecuado entenderase sen prexuízo das transferencias de datos persoais ao dito Estado, territorio ou sector deste ou á organización internacional de que se trate, en virtude dos artigos 45 e 46.

Artigo 45. *Transferencias mediante garantías apropiadas.*

1. En ausencia dunha decisión de adecuación da Comisión Europea conforme o artigo 44, poderanse realizar transferencias de datos persoais a un Estado que non sexa membro da Unión Europea ou a unha organización internacional cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Cando se achegasen garantías apropiadas respecto á protección de datos persoais nun instrumento xuridicamente vinculante.
- b) Cando o responsable do tratamento avalíase todas as circunstancias que concorren na transferencia de datos persoais e se conclúese que existen garantías apropiadas respecto á protección de datos persoais.

2. O responsable do tratamento informará a autoridade de protección de datos competente acerca das categorías de transferencias a teor do parágrafo 1.b).

3. Cando as transferencias se baseen no disposto no parágrafo 1.b), deberán documentarse. A documentación poñerase á disposición da autoridade de protección de datos competente, logo de solicitude, con inclusión da seguinte información: data, hora da transferencia, información sobre a autoridade competente destinataria, xustificación da transferencia e datos persoais transferidos.

Artigo 46. *Excepcións para situacións específicas.*

1. En ausencia dunha decisión de adecuación da Comisión Europea ou de garantías apropiadas de acordo cos artigos 44 e 45, poderanse realizar transferencias de datos persoais a un Estado que non sexa membro da Unión Europea ou a unha organización internacional cando a transferencia sexa necesaria por concorrer algunha das seguintes circunstancias:

- a) Para protexer os intereses vitais ou os dereitos e as liberdades fundamentais do interesado ou doutra persoa.
- b) Para salvagardar intereses lexítimos do interesado recoñecidos pola lexislación española.
- c) Para previr unha ameaza grave e inmediata para a seguridade pública dun Estado, tanto membro da Unión Europea como non pertencente a ela.
- d) En casos individuais, para efectos do artigo 1.
- e) Para o exercicio, nun caso individual, de accións legais ou para a defensa fronte a elas en relación cos fins incluídos no artigo 1.

2. Os datos persoais non se transferirán se a autoridade competente da transferencia determina que os dereitos e as liberdades fundamentais do interesado prevalecen sobre o interese público na transferencia, establecido nas letras d) e e) do punto anterior.

3. As transferencias baseadas no disposto neste artigo deberán documentarse. Esta documentación quedará á disposición da autoridade de protección de datos competente, con inclusión da data e a hora da transferencia, a información sobre a autoridade competente destinataria, a xustificación da transferencia e os datos persoais transferidos.



Artigo 47. *Transferencias directas de datos persoais a destinatarios, que non sexan autoridades competentes, establecidos en Estados non pertencentes á Unión Europea.*

1. Excepcionalmente, en casos particulares e específicos e sen prexuízo da existencia dun acordo internacional entre España e un Estado que non sexa membro da Unión Europea no ámbito da cooperación xudicial penal ou da cooperación policial, as autoridades competentes españolas poderán transferir datos persoais directamente a destinatarios que non teñan a condición de autoridade competente, establecidos en Estados que non sexan membros da Unión Europea, sempre que se cumpran as disposicións desta lei orgánica e se satisfagan todas as condicións seguintes:

a) Que a transferencia sexa estritamente necesaria para a realización dunha función da autoridade competente que leva a cabo a transferencia conforme o dereito da Unión Europea ou a lexislación española, con calquera dos fins do artigo 1.

b) Que a autoridade competente que realiza a transferencia determine que ningún dos dereitos e liberdades fundamentais do interesado son superiores ao interese público que precise da transferencia de que se trate.

c) Que a autoridade competente que realiza a transferencia considere que a transferencia a unha autoridade competente do Estado en que está establecido o destinatario, con calquera dos fins do artigo 1, resultaría ineficaz ou inadecuada, en particular porque a transferencia non se poida efectuar dentro de prazo.

d) Que se informe sen dilación indebida a autoridade competente para os fins que recolle o artigo 1 do dito Estado, salvo que isto resulte ineficaz ou inadecuado.

e) Que a autoridade competente que realiza a transferencia informe o destinatario da finalidade ou finalidades específicas para as cales pode tratar os datos persoais, coa condición de que o dito tratamento sexa necesario.

2. A autoridade competente que realiza a transferencia informará a autoridade de protección de datos competente acerca das transferencias efectuadas a teor deste artigo.

3. As transferencias baseadas no disposto neste artigo deberanse documentar.

## CAPÍTULO VI

### **Autoridades de protección de datos independientes**

Artigo 48. *Autoridades de protección de datos.*

Para os efectos desta lei orgánica, son autoridades de protección de datos independentes:

a) A Axencia Española de Protección de Datos.

b) As autoridades autonómicas de protección de datos, exclusivamente en relación con aqueles tratamentos de que sexan responsables no seu ámbito de competencia, e conforme o disposto no artigo 57.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e na normativa autonómica aplicable.

As ditas autoridades rexeranse por esta lei orgánica respecto dos tratamentos sometidos a ela, de acordo cos principios de cooperación institucional, coordinación de criterios e información mutua, e polo establecido no título VII da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e nas súas normas de creación, así como polo que establezan as súas normas de desenvolvemento.

A Axencia Española de Protección de Datos actuará como representante das autoridades de protección de datos no Comité Europeo de Protección de Datos.

**Artigo 49. Funcións.**

1. As autoridades de protección de datos exercerán, respecto dos tratamentos sometidos a esta lei orgánica, as seguintes funcións:

- a) Supervisar e facer cumprir as disposicións adoptadas conforme esta lei orgánica.
- b) Promover a sensibilización e a comprensión da cidadanía acerca dos riscos, normas, garantías e dereitos relativos ao tratamento.
- c) Asesorar as Cortes Xerais, o Goberno da Nación e os organismos dependentes ou vinculados á Administración xeral do Estado, así como, de acordo co seu ámbito competencial, as asembleas lexislativas das comunidades autónomas, os consellos de goberno e os organismos dependentes ou vinculados á Administración das comunidades autónomas, acerca das medidas lexislativas e administrativas relativas á protección dos dereitos e liberdades das persoas físicas con respecto ao tratamento.
- d) Promover a sensibilización dos responsables e encargados do tratamento en relación coas obrigacións que lles incumben.
- e) Facilitar a información solicitada polos interesados sobre o exercicio dos seus dereitos en virtude desta lei orgánica e, de ser o caso, cooperar para tal fin coas autoridades de protección de datos doutros Estados membros da Unión Europea.
- f) Tramitar e responder as reclamacións presentadas por un interesado ou por unha entidade, organización ou asociación de conformidade co artigo 55, e investigar, na medida oportuna, o motivo da reclamación e informar o reclamante sobre o curso e o resultado da investigación nun prazo razoable.
- g) Controlar, de acordo co disposto no artigo 25, a licitude do tratamento e informar o interesado nun prazo razoable sobre o resultado do control ou sobre os motivos polos cales non se levou a cabo.
- h) Cooperar, en particular compartindo información, con outras autoridades de protección de datos e prestarse asistencia mutua.
- i) Levar a cabo investigacións sobre a aplicación desta lei orgánica, en particular baseándose na información recibida doutra autoridade de protección de datos ou doutra autoridade pública.
- j) Realizar un seguimento de acontecementos que sexan de interese, na medida en que teñan incidencia na protección de datos persoais, de maneira concreta sobre o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.
- k) Prestar asesoramento sobre as operacións de tratamento recollidas no artigo 36.
- l) Contribuír ás actividades do Comité Europeo de Protección de Datos.
- m) Emitir informe sobre todas as disposicións legais ou regulamentarias que afecten tratamentos sometidos a esta lei orgánica.

2. As autoridades de protección de datos adoptarán medidas tendentes a facilitar a formulación das reclamacións incluídas no parágrafo 1.f), tales como proporcionar formularios que se poidan cubrir electronicamente, sen excluír outros medios.

3. O desempeño das funcións das autoridades de control non implicará custo ningún para o interesado nin para o delegado de protección de datos.

4. Cando as solicitudes sexan manifestamente infundadas ou excesivas, especialmente debido ao seu carácter repetitivo, a autoridade de protección de datos poderase negar a actuar respecto da solicitude. A carga da demostración do carácter manifestamente infundado ou excesivo da solicitude recaerá na autoridade de protección de datos.

**Artigo 50. Potestades.**

As autoridades de protección de datos terán atribuídas, no ámbito desta lei orgánica, as seguintes potestades:

- a) De investigación, incluído o acceso a todos os datos que estean sendo tratados polo responsable ou polo encargado do tratamento, nos termos previstos pola lexislación vixente.

b) De advertencia e control do exixido nesta lei orgánica, incluída a sanción das infraccións cometidas, a elaboración de recomendacións, ordes de rectificación, supresión ou limitación do tratamento de datos persoais ou de limitación temporal ou definitiva do tratamento, incluída a súa prohibición, así como a orde aos responsables do tratamento de comunicar as vulneracións de seguridade dos datos aos interesados.

c) De asesoramento, que comprende a consulta previa prevista no artigo 36 e a emisión, por propia iniciativa ou logo de solicitude, de ditames destinados ás Cortes Xerais ou ao Goberno, a outras institucións ou organismos, así como ao público en xeral, acerca de todo asunto relacionado coa protección de datos persoais suxeito a esta lei orgánica.

**Artigo 51. *Asistencia entre autoridades de protección de datos dos Estados membros da Unión Europea.***

1. As autoridades de protección de datos españolas facilitaránlles a asistencia e a cooperación necesarias ás autoridades de protección de datos doutros Estados membros da Unión Europea, e deberán responder as solicitudes destas sen dilación indebida, en calquera caso, no prazo máximo dun mes desde a súa recepción. A asistencia mutua abarcará, en particular, as solicitudes de información e as medidas de control, así como as solicitudes para levar a cabo consultas, inspeccións e investigacións.

2. As autoridades de protección de datos españolas poderán solicitar, no exercicio das súas funcións, a asistencia e cooperación das autoridades de protección de datos doutros Estados membros da Unión Europea.

As solicitudes deberán conter toda a información necesaria para a súa contestación, incluídos os motivos e a finalidade da solicitude. A información intercambiada utilizarase unicamente para o fin para o cal fose solicitada.

3. As contestacións das autoridades de protección de datos españolas deberán indicar os resultados obtidos ou as medidas adoptadas con base na solicitude recibida. Estas respostas serán remitidas en formato electrónico, na medida do posible.

4. A solicitude de asistencia procedente dunha autoridade de protección de datos dun Estado membro da Unión Europea unicamente se poderá negar a ser atendida, de maneira motivada, cando a autoridade de protección de datos española non sexa competente respecto ao obxecto ou ás medidas solicitadas, ou ben cando o feito de atender a solicitude vulnere a lexislación española ou o dereito da Unión Europea. Informarase, de ser o caso, da restrición dos dereitos do interesado adoptada en aplicación do artigo 24.

5. As medidas adoptadas con ocasión dunha solicitude de asistencia mutua serán gratuítas, sen prexuízo de que en circunstancias excepcionais se poidan pactar indemnizacións por gastos específicos derivados da prestación da asistencia.

## CAPÍTULO VII

### Reclamacións

**Artigo 52. *Réxime aplicable aos procedementos tramitados ante as autoridades de protección de datos.***

1. No caso de que os interesados aprecien que o tratamento dos datos persoais infrinxise as disposicións desta lei orgánica ou non fose atendida a súa solicitude de exercicio dos dereitos recoñecidos nos artigos 21, 22 e 23, terán dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de protección de datos.

2. As ditas reclamacións serán tramitadas pola autoridade de protección de datos competente con suxeición ao procedemento establecido no título VIII da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e, de ser o caso, á lexislación das comunidades autónomas que resulte de aplicación. Terán carácter subsidiario as normas xerais sobre os procedementos administrativos e o réxime xurídico do sector público.

3. No caso de que a actuación proveña dun órgano xudicial ou do Ministerio Fiscal cando se realice o tratamento con fins xurisdicionais, a responsabilidade rexerese polo disposto no título V do libro III da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

4. Sen prexuízo do disposto no artigo 55, todo interesado terá dereito a interpoñer recurso contencioso-administrativo, de acordo coa súa normativa reguladora, no caso de que a autoridade de protección de datos competente non dite resolución expresa e lla notifique no prazo de tres meses.

*Artigo 53. Dereito a indemnización por entes do sector público.*

1. Os interesados terán dereito a ser indemnizados polo responsable do tratamento, ou polo encargado do tratamento cando formen parte do sector público, no caso de que sufran dano ou lesión nos seus bens ou dereitos como consecuencia do incumprimento do disposto nesta lei orgánica.

2. Cando quen incumpra o disposto nesta lei orgánica teña a consideración de Administración pública, a responsabilidade exixirase de acordo coa lexislación reguladora do réxime de responsabilidade patrimonial previsto na normativa sobre o procedemento administrativo común das administracións públicas e sobre o réxime xurídico do sector público.

3. No caso de que a actuación proveña dun órgano xudicial ou do Ministerio Fiscal cando se realice o tratamento con fins xurisdicionais, a responsabilidade rexerese polo disposto no título V do libro III da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

*Artigo 54. Dereito a indemnización por encargados do tratamento do sector privado.*

1. Os interesados que sufran dano ou lesión nos seus bens ou dereitos por parte do encargado do tratamento que non forme parte do sector público, como consecuencia do incumprimento do disposto nesta lei orgánica, terán dereito a ser indemnizados.

2. O encargado do tratamento estará obrigado a indemnizar todos os danos e perdas que lles cause aos interesados ou a terceiros como resultado das operacións de tratamentos de datos previstas no contrato ou noutro instrumento ou acto xurídico suscrito co responsable do tratamento conforme o artigo 30, de conformidade co réxime de responsabilidade do contratista polos danos causados a terceiros regulado na normativa sobre contratos do sector público.

3. Cando tales danos e perdas fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da autoridade competente responsable do tratamento, será esta a responsable.

4. Os interesados ou os terceiros prexudicados poderanlle requirir ao responsable do tratamento, dentro do ano seguinte á produción do feito, que informe, unha vez oído o encargado do tratamento, acerca de a cal das partes contratantes, ou das que subscribisen o acto xurídico conforme o artigo 30, lle corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición da acción.

5. Con independencia do previsto nos puntos anteriores, o encargado do tratamento que non forme parte do sector público responderá dos danos e perdas que cause durante as operacións de tratamento de datos. Deberao facer tanto respecto do responsable do tratamento como respecto do interesado ou de terceiros por incumprimentos desta lei orgánica, de infraccións de preceptos legais ou regulamentarios, ou polo incumprimento das previsións contidas no contrato ou noutro acto xurídico suscrito. O encargado do tratamento que non forme parte do sector público deberá ter incorrido en actuacións que lle sexan imputables, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador, de ser o caso.

*Artigo 55. Tutela xudicial efectiva.*

1. Sen prexuízo de calquera outro recurso administrativo ou reclamación, toda persoa física ou xurídica terá dereito a interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-

administrativa, de acordo coa súa lexislación reguladora, contra os actos e resolucións ditadas pola autoridade de protección de datos competente.

2. O interesado poderá conferir a súa representación a unha entidade, organización ou asociación sen ánimo de lucro que fose correctamente constituída, cuxos obxectivos estatutarios sexan de interese público e que actúe no ámbito da protección dos dereitos e liberdades dos interesados en materia de protección dos seus datos persoais, para que exerza os dereitos recollidos no punto anterior.

## CAPÍTULO VIII

### Réxime sancionador

Artigo 56. *Suxeitos responsables.*

1. A responsabilidade polas infraccións cometidas recaerá directamente nos suxeitos obrigados que, por acción ou omisión, realizen a conduta en que consista a infracción.

2. Están suxeitos ao réxime sancionador:

- a) Os responsables dos tratamentos.
- b) Os encargados dos tratamentos.
- c) Os representantes dos encargados non establecidos no territorio da Unión Europea.
- d) O resto das persoas físicas ou xurídicas obrigadas polo contido do deber de colaboración establecido no artigo 7.

3. Non será de aplicación o réxime sancionador establecido neste capítulo ao delegado de protección de datos.

Artigo 57. *Concurso de normas.*

1. Os feitos susceptibles de seren cualificados conforme dous ou máis preceptos desta ou doutra lei, sempre que non constitúan infraccións ao Regulamento xeral de protección de datos, nin á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, sancionaranse observando as seguintes regras:

- a) O precepto especial aplicarase con preferencia ao xeral.
- b) O precepto máis amplo ou complexo absorberá o que sancione as infraccións subsumidas naquel.
- c) Na falta dos criterios anteriores, aplicarase o precepto que sancione os feitos coa sanción maior.

2. No caso de que un só feito constituía dúas ou máis infraccións, ou cando unha delas sexa medio necesario para cometer a outra, a conduta será sancionada por aquela infracción que comporte unha maior sanción.

Artigo 58. *Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves:

- a) O tratamento de datos persoais que vulnere os principios e as garantías establecidos no artigo 6 ou sen que concorra algunha das condicións de licitude do tratamento establecidas no artigo 11, sempre que se causen prexuízos de carácter moi grave aos interesados.
- b) O acceso, cesión, alteración e divulgación dos datos á marxe dos supostos autorizados polo responsable ou encargado dos datos, sempre que non constituía ilícito penal.
- c) A transferencia temporal ou definitiva de datos de carácter persoal con destino a Estados que non sexan membros da Unión Europea ou a destinatarios que non sexan

autoridades competentes, establecidos nos ditos Estados incumprindo as condicións previstas nos artigos 43 e 47.

d) A utilización dos datos para unha finalidade que non sexa compatible co obxectivo para o cal foron recollidos ou cando non se cumpran as condicións establecidas no artigo 6, sempre que non se conte cunha base legal para iso.

e) O tratamento de datos persoais das categorías especiais sen que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 ou sen garantir as medidas de seguridade adecuadas, que cause prexuízos graves aos interesados.

f) A omisión do deber de informar o interesado acerca do tratamento dos seus datos de carácter persoal conforme o disposto nesta lei orgánica.

g) A vulneración do deber de confidencialidade do encargado do tratamento, establecido no artigo 30.

h) A adopción de decisións individuais automatizadas sen as garantías sinaladas no artigo 14, sempre que se causen prexuízos de carácter moi grave para os interesados.

i) O impedimento, a obstaculización ou a falta de atención reiterada do exercicio dos dereitos do interesado de acceso, rectificación, supresión dos seus datos ou limitación do tratamento, sempre que se causen prexuízos de carácter moi grave para os interesados.

j) A negativa a proporcionarlles ás autoridades competentes a información necesaria para a prevención, detección, investigación e axuizamento de infraccións penais, para a execución de sancións penais ou para a protección e prevención fronte ás ameazas contra a seguridade pública de acordo co previsto no artigo 7, así como a informar o interesado cando se comuniquen os seus datos en virtude do deber de colaboración establecido no dito artigo.

k) A resistencia ou obstrución do exercicio da función inspectora das autoridades de protección de datos competentes.

l) A falta de notificación ás autoridades de protección de datos competentes acerca dunha violación da seguridade dos datos persoais, cando sexa exixible, así como a ausencia de comunicación ao interesado dunha violación da seguridade cando sexa procedente de acordo co artigo 39, sempre que deriven prexuízos de carácter moi grave para o interesado.

m) O incumprimento das resolucións ditadas polas autoridades de protección de datos competentes, no exercicio das potestades que lle confire o artigo 50.

n) Non facilitar o acceso do persoal das autoridades de protección de datos competentes aos datos persoais, información, locais, equipamentos e medios de tratamento, cando sexa requirido por elas, no exercicio dos seus poderes de investigación.

ñ) O incumprimento dos prazos de conservación e revisión establecidos en virtude do artigo 8.

#### Artigo 59. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

a) O tratamento dos datos de carácter persoal cando se incumpran os principios do artigo 6 ou as condicións de licitude do tratamento do artigo 11, sempre que non constitúa unha infracción moi grave.

b) O tratamento de datos persoais das categorías especiais sen que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 ou sen garantir as medidas de seguridade adecuadas, sempre que non constitúa unha infracción moi grave.

c) A adopción de decisións individuais automatizadas sen as garantías sinaladas no artigo 14, sempre que non constitúa unha infracción moi grave.

d) A falta de designación dun delegado de protección de datos nos termos previstos no artigo 40 ou non posibilitar a súa efectiva participación en todas as cuestións relativas á protección de datos persoais, non apoiálo ou interferir no desempeño das súas funcións.

e) O incumprimento da posta á disposición ao interesado da información prevista no artigo 21 ou do deber de comunicación a este, ou á autoridade de protección de datos



competente, dunha violación da seguridade dos datos que entrañe un grave prexuízo para os dereitos e as liberdades do interesado.

f) A ausencia de adopción daquelas medidas técnicas e organizativas que resulten apropiadas para aplicar de forma efectiva os principios de protección de datos, incluídas as medidas oportunas desde o deseño e por defecto, así como para integrar as garantías necesarias no tratamento.

g) O impedimento, a falta de atención ou a obstaculización dos dereitos do interesado de acceso, rectificación, supresión dos seus datos ou limitación do tratamento, sempre que non constituía infracción moi grave.

h) O incumprimento da obrigaición de xestión dos rexistros de actividades de tratamento ou do rexistro de operacións de tratamento, de se causaren prexuízos de carácter grave aos interesados.

i) O incumprimento das estipulacións recollidas no contrato ou acto xurídico que vincula o responsable e o encargado do tratamento, salvo nos supostos en que for necesario para evitar a infracción da lexislación en materia de protección de datos e se advertise diso o responsable ou o encargado do tratamento, así como o incumprimento das obrigaicións impostas no artigo 30.

j) A falta de colaboración dilixente coas autoridades competentes no cumprimento das obrigaicións establecidas no artigo 7, cando non constituía unha infracción moi grave.

k) A falta de cooperación, a actuación negligente ou o impedimento da función inspectora das autoridades de protección de datos competentes, cando non constituía infracción moi grave.

l) O incumprimento da avaliación de impacto na protección dos datos de carácter persoal, se derivan prexuízos ou riscos de carácter grave para os interesados.

m) O tratamento de datos persoais sen ter consultado previamente coa autoridade de protección de datos competente, nos casos en que a dita consulta resulte preceptiva conforme o artigo 36.

#### Artigo 60. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves:

a) A afectación leve dos dereitos dos interesados como consecuencia da ausencia da debida dilixencia ou do carácter inadecuado ou insuficiente das medidas técnicas e organizativas que se implantaron.

b) O incumprimento do principio de transparencia da información ou do dereito de información do interesado establecido no artigo 21 cando non se facilite toda a información exixida nesta lei orgánica.

c) A inobservancia da obrigaición de informar o interesado e os destinatarios a que se comunicaron ou dos cales procedan os datos persoais rectificadas, suprimidos ou respecto dos que se limitou o tratamento, conforme o establecido no artigo 23.

d) O incumprimento da xestión de rexistros de actividades de tratamento ou do rexistro de operacións ou que estes non incorporen toda a información exixida legalmente, sempre que non constituía infracción grave.

e) O incumprimento da obrigaición de suprimir os datos referidos a unha persoa falecida cando fose exixible legalmente.

f) A falta de formalización por parte dos corresponsables do tratamento do acordo que determine as obrigaicións, funcións e responsabilidades respectivas, a propósito do tratamento de datos persoais e das súas relacións cos interesados, así como a inexactitude ou a falta de concreción na súa determinación.

g) O incumprimento da obrigaición do encargado do tratamento de informar o responsable do tratamento acerca dunha posible infracción das disposicións desta lei orgánica, como consecuencia dunha instrución recibida deste.

h) A notificación incompleta ou defectuosa á autoridade de protección de datos competente da información relacionada cunha violación de seguridade dos datos persoais,

o incumprimento da obrigaón de documentalala ou do deber de comunicarlle ao interesado a súa existencia, cando non constituía unha infracción grave.

i) A achega de información inexacta ou incompleta á autoridade de protección de datos competente, nos supostos en que o responsable do tratamento deba elevarlle unha consulta previa.

j) A falta de publicación dos datos de contacto do delegado de protección de datos, ou a ausencia de comunicación da súa designación e cesamento á autoridade de protección de datos competente, de conformidade co artigo 40, cando o seu nomeamento sexa exixible de acordo con esta lei orgánica.

#### Artigo 61. *Réxime xurídico.*

O exercicio da potestade sancionadora, que lles corresponde ás autoridades de protección de datos competentes, rexerá polo disposto neste capítulo, polos títulos VII e IX da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e, en canto non as contradigan, con carácter supletorio, pola normativa sobre procedemento administrativo común das administracións públicas e réxime xurídico do sector público.

#### Artigo 62. *Sancións.*

Pola comisión das infraccións tipificadas nesta lei orgánica imponse as seguintes sancións:

1. No caso de que o suxeito responsable sexa algún dos enumerados no artigo 77.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, imponse as sancións e adoptaranse as medidas establecidas no dito artigo.

2. No caso de que o suxeito infractor sexa distinto dos sinalados no artigo 77.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, poderá ser sancionado con multa da seguinte contía:

- a) As infraccións moi graves, con multa de 360.001 a 1.000.000 euros.
- b) As infraccións graves, con multa de 60.001 a 360.000 euros.
- c) As leves, con multa de 6.000 a 60.000 euros.

Para efectos da determinación da contía da sanción, teranse en conta os criterios establecidos no artigo 83.2 do Regulamento xeral de protección de datos e no artigo 76.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

#### Artigo 63. *Prescrición das infraccións e sancións.*

1. As infraccións administrativas tipificadas nesta lei orgánica prescribirán aos seis meses, aos dous ou aos tres anos de terse cometido, segundo sexan leves, graves ou moi graves, respectivamente.

Os prazos sinalados nesta lei orgánica computaranse desde o día en que se cometese a infracción. Con todo, nos casos de infraccións continuadas ou permanentes, os prazos computaranse desde que finalizase a conduta infractora.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e o prazo de prescrición reiniciarase se o expediente sancionador estiver paralizado durante máis de seis meses por causas non imputables ao presunto infractor.

Interromperase igualmente a prescrición como consecuencia da apertura dun procedemento xudicial penal, ata que a autoridade xudicial lle comunique ao órgano administrativo a súa finalización.

2. As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por infraccións graves, aos dous anos, e as impostas por infraccións leves, ao ano, computados desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza en vía administrativa a resolución pola cal se impón a sanción.

A prescrición interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e o prazo volverá transcorrer se este está paralizado durante máis de seis meses por causa non imputable ao infractor.

Artigo 64. *Caducidade do procedemento.*

1. O procedemento caducará transcorridos seis meses desde a súa incoación sen que se notificase a resolución. Con todo, deberanse ter en conta no cómputo as posibles paralizacións por causas imputables ao interesado ou a suspensión que se deba acordar pola existencia dun procedemento xudicial penal, cando concorran identidade de suxeito, feito e fundamento, ata a finalización deste.

2. A resolución que declare a caducidade notificaráselle ao interesado e poñerá fin ao procedemento, sen prexuízo de que a Administración poida acordar a incoación dun novo procedemento mentres non prescribise a infracción. Os procedementos caducados non interromperán o prazo de prescrición.

Artigo 65. *Carácter subsidiario do procedemento administrativo sancionador respecto do penal.*

1. Non se poderán sancionar os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente cando se aprecie identidade de suxeito, de feito e de fundamento.

2. Nos supostos en que as condutas poidan ser constitutivas de delito, o órgano administrativo pasará o tanto de culpa á autoridade xudicial ou ao Ministerio Fiscal e absterase de seguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme ou resolución que doutro xeito poña fin ao procedemento penal, ou o Ministerio Fiscal non acorde a improcedencia de iniciar ou proseguir as actuacións en vía penal; ata ese momento quedará interrompido o prazo de prescrición.

A autoridade xudicial e o Ministerio Fiscal comunicaranlle ao órgano administrativo a resolución ou o acordo que adoptasen.

3. De non se ter considerado a existencia de ilícito penal, ou no caso de se ter ditado resolución doutro tipo que poña fin ao procedemento penal, poderase iniciar ou proseguir o procedemento sancionador. En todo caso, o órgano administrativo quedará vinculado polos feitos declarados probados en vía xudicial.

4. As medidas cautelares adoptadas antes da intervención xudicial poderanse manter mentres a autoridade xudicial non resolva outra cousa.

Disposición adicional primeira. *Réximes específicos.*

1. O tratamento dos datos persoais procedentes das imaxes e sons obtidos mediante a utilización de cámaras e videocámaras polas forzas e corpos de seguridade, polos órganos competentes para a vixilancia e o control nos centros penitenciarios e para o control, a regulación, a vixilancia e a disciplina do tráfico, para os fins previstos no artigo 1, rexeranse por esta lei orgánica, sen prexuízo dos requisitos establecidos en réximes legais especiais que regulan outros ámbitos concretos como o procesual penal, a regulación do tráfico ou a protección de instalacións propias.

2. Fóra destes supostos, os ditos tratamentos rexeranse pola súa lexislación específica e, supletoriamente, polo Regulamento (UE) 2016/679 e pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

Disposición adicional segunda. *Intercambio de datos dentro da Unión Europea.*

O intercambio de datos persoais por parte das autoridades competentes españolas no interior da Unión Europea, cando o dereito da Unión Europea ou a lexislación española exixan o dito intercambio, non estará limitado nin prohibido por motivos relacionados coa protección das persoas físicas respecto ao tratamento dos seus datos persoais.

Disposición adicional terceira. *Acordos internacionais no ámbito da cooperación xudicial en materia penal e da cooperación policial.*

Os acordos internacionais no ámbito da cooperación xudicial en materia penal e da cooperación policial que impliquen a transferencia de datos persoais a Estados que non sexan membros da Unión Europea ou organizacións internacionais e que fosen subscritos por España antes do 6 de maio de 2016, cumprindo o disposto no dereito da Unión Europea aplicable antes da dita data, seguirán en vigor ata que sexan obxecto de modificación, emenda ou terminación.

Disposición adicional cuarta. *Ficheiros e Rexistro de Poboación das Administracións Públicas.*

1. As autoridades competentes poderanlles solicitar ao Instituto Nacional de Estatística e aos órganos estatísticos de ámbito autonómico, sen consentimento do interesado, unha copia actualizada do ficheiro formado cos datos do documento de identidade, nome, apelidos, domicilio, sexo e data de nacemento que constan no padrón municipal de habitantes e no censo electoral correspondente aos territorios onde exerzan as súas competencias. Esta solicitude deberá estar motivada con base en calquera dos fins de prevención, detección, investigación e axuizamento de infraccións penais ou de execución de sancións penais, incluídas a protección e a prevención fronte ás ameazas contra a seguridade pública.

2. Os datos obtidos terán como único propósito o cumprimento dos fins de prevención, detección, investigación e axuizamento de infraccións penais ou de execución de sancións penais, así como de protección e de prevención fronte ás ameazas contra a seguridade pública e a comunicación destas autoridades cos interesados residentes nos respectivos territorios, respecto ás relacións xurídico-administrativas derivadas das competencias respectivas.

Disposición adicional quinta. *Referencias normativas.*

As referencias contidas en normas vixentes en relación coas disposicións que se derrogan expresamente deberanse entender efectuadas aos artigos desta lei orgánica que regulan a mesma materia que aquelas.

Disposición transitoria única. *Duración do mandato inicial da persoa titular da Dirección de Supervisión e Control de Protección de Datos do Consello Xeral do Poder Xudicial.*

A duración do mandato do primeiro nomeamento da persoa titular da Dirección de Supervisión e Control de Protección de Datos do Consello Xeral do Poder Xudicial será de tres anos non renovable.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei orgánica.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria.*

Introdúcese un novo artigo 15 bis na Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, que queda redactado como segue:

«Artigo 15 bis. *Tratamentos de datos de carácter persoal.*

1. Admitido no establecemento un interno, procederase á verificación da súa identidade persoal, efectuando a anotación alfabética, dactilar e fotográfica, así como á inscrición no libro de ingresos e á apertura dun expediente persoal relativo

á súa situación procesual e penitenciaria, respecto do que se recoñece o dereito de acceso. Este dereito só se verá limitado de forma individualizada e fundamentada en concretas razóns de seguridade ou tratamento.

2. O tratamento dos datos persoais dos internos rexerese polo previsto na Lei orgánica de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais. Os datos persoais de categorías especiais que non figuren no punto anterior poderanse tratar co consentimento do interesado. Só se prescindirá do dito consentimento cando sexa estritamente necesario e se efectúe coas garantías adecuadas para protexer o dereito á protección de datos dos interesados, atendendo ao tipo de datos que se traten e ás finalidades dos distintos tratamentos dirixidos á execución da pena.

3. Igualmente, procederase ao cacheo da súa persoa e ao rexistro dos seus efectos, e retiraranse o enxoval e os obxectos non autorizados.

4. No momento do ingreso, adoptaranse as medidas de hixiene persoal necesarias e entregaráselle ao interno a roupa adecuada que precise, e este asinará a súa recepción.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.*

Un. Modifícase o artigo 12 para incluír unha nova letra n) coa seguinte redacción:

«n) A Unidade de Supervisión e Control de Protección de Datos.»

Dous. Modifícase o artigo 20 incluíndo un novo número catro coa seguinte redacción:

«Catro. Na Fiscalía Xeral do Estado, de igual modo, existirá a Unidade de Supervisión e Control de Protección de Datos, que exercerá as competencias que lle corresponden á autoridade de protección de datos con fins xurisdiccionais sobre o tratamento destes realizado polo Ministerio Fiscal, de acordo co establecido no artigo 236 octies da Lei orgánica do poder xudicial, no ámbito das súas competencias e facultades. A súa regulación remitirase aos termos previstos na Lei orgánica do poder xudicial en canto lle sexa de aplicación.

Á fronte da Unidade de Supervisión e Control de Protección de Datos nomearase, por maioría absoluta do Pleno do Consello Fiscal, unha persoa titular da Unidade, de entre xuristas de recoñecida competencia con, polo menos, quince anos de exercicio profesional e con coñecementos e experiencia acreditados en materia de protección de datos.

A duración do mandato da persoa titular da Unidade de Supervisión e Control de Protección de Datos será de cinco anos, non renovable. Durante o seu mandato permanecerá, de ser o caso, en situación de servizos especiais e exercerá exclusivamente as funcións inherentes ao seu cargo. Só poderá ser cesada por incapacidade ou incumprimento grave dos seus deberes, apreciados polo Pleno mediante maioría absoluta.

O réxime de incompatibilidades da persoa titular da Unidade de Supervisión e Control de Protección de Datos será o mesmo que o establecido para os fiscais ao servizo dos órganos técnicos da Fiscalía Xeral do Estado. A persoa titular da Unidade de Supervisión e Control de Protección de Datos deberá exercer as súas funcións con absoluta independencia e neutralidade.

A persoa titular e o resto de persoal adscrito á Unidade de Supervisión e Control de Protección de Datos estarán suxeitos ao deber de segredo profesional, tanto durante o seu mandato como despois deste, con relación ás informacións confidenciais de que tivesen coñecemento no cumprimento das súas funcións ou o exercicio das súas atribucións. Este deber de segredo profesional aplicarase en particular á información que lle faciliten as persoas físicas á Unidade de Supervisión e Control de Protección de Datos en materia de infraccións desta normativa.

A composición, a organización e o funcionamento da Unidade de Supervisión e Control de Protección de Datos serán establecidos regulamentariamente. Deberase velar por que a Unidade conte, en todo caso, con todos os medios persoais e materiais necesarios para o adecuado exercicio das súas funcións.»

Tres. Modifícase o artigo 14 para incluír no número 4 unha nova letra l) co contido seguinte:

«l) Nomear por maioría absoluta a persoa titular da Unidade de Supervisión e Control de Protección de Datos.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Os artigos que se relacionan quedarán modificados nos termos seguintes:

Un. O artigo 234 queda redactado como segue:

«Artigo 234.

1. Os letrados da Administración de xustiza e funcionarios competentes da oficina xudicial e da oficina fiscal facilitaránlles aos interesados canta información soliciten sobre o estado das actuacións procesuais, que poderán examinar e coñecer, salvo que sexan ou fosen declaradas secretas ou reservadas conforme a lei.

2. As partes e calquera persoa que acredite un interese lexítimo e directo terán dereito a obter, na forma disposta nas leis procesuais e, de ser o caso, na Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza, copias simples dos escritos e documentos que consten nos autos, non declarados secretos nin reservados. Tamén terán dereito a que se lles expidan os testemuños e certificados nos casos e a través da canle establecida nas leis procesuais.»

Dous. O artigo 235 queda redactado como segue:

«Artigo 235.

O acceso ás resolucións xudiciais ou a determinadas cuestións delas, ou a outras actuacións procesuais, por quen non é parte no procedemento e acredite un interese lexítimo e directo, poderase levar a cabo logo de disociación, anonimización ou outra medida de protección dos datos de carácter persoal que estas contiveren e con pleno respecto ao dereito á intimidade, aos dereitos das persoas que requiran un especial deber de tutela ou á garantía do anonimato das vítimas ou prexudicados, cando cumpra.»

Tres. O artigo 235 bis queda redactado como segue:

«Artigo 235 bis.

1. É público o acceso aos datos persoais contidos nas resolucións das sentenzas firmes condenatorias, cando se ditasen en virtude dos delitos previstos nos seguintes artigos:

a) Os artigos 305, 305 bis e 306 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

b) Os artigos 257 e 258 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, cando o acreedor defraudado fose a Facenda pública.



c) O artigo 2 da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, sempre que exista un prexuízo para a Facenda pública estatal ou da Unión Europea.

2. Nos casos previstos no punto anterior, o letrado da Administración de xustiza emitirá certificado no cal se farán constar os seguintes datos:

- a) Os que permitan a identificación do proceso xudicial.
- b) Nome e apelidos ou denominación social do condenado e, de ser o caso, do responsable civil.
- c) Delito polo cal foi condenado.
- d) Penas impostas.
- e) Contía correspondente ao prexuízo causado á Facenda pública por todos os conceptos, segundo o establecido na sentenza.

Mediante dilixencia de ordenación, o letrado da Administración de xustiza ordenará a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

3. O disposto neste artigo non será de aplicación no caso de que o condenado ou, de ser o caso, o responsable civil, satisfíxese ou consignase na conta de depósitos e consignacións do órgano xudicial competente a totalidade da contía correspondente ao prexuízo causado á Facenda pública por todos os conceptos, con anterioridade á firmeza da sentenza.»

Catro. O artigo 236 queda redactado como segue:

«Artigo 236.

A publicidade dos edictos realizarase a través do taboleiro de edictos xudicial único, na forma en que se dispoña regulamentariamente, incluídos os datos estritamente necesarios para cumprir coa súa finalidade.»

Cinco. O artigo 236 bis queda redactado como segue:

«Artigo 236 bis.

1. O tratamento dos datos persoais poderase realizar con fins xurisdicionais ou non xurisdicionais. Terá fins xurisdicionais o tratamento dos datos que se encontren incorporados aos procesos que teñan por finalidade o exercicio da actividade xurisdiccional.

2. O tratamento dos datos persoais na Administración de xustiza levarao a cabo o órgano competente e, dentro del, quen teña a competencia atribuída pola normativa vixente.»

Seis. O artigo 236 ter queda redactado como segue:

«Artigo 236 ter.

1. O tratamento dos datos persoais levado a cabo con ocasión da tramitación polos órganos xudiciais e fiscalías dos procesos de que sexan competentes, así como o realizado dentro da xestión da Oficina xudicial e fiscal, rexerese polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679, na Lei orgánica 3/2018 e na súa normativa de desenvolvemento, sen prexuízo das especialidades establecidas neste capítulo e nas leis procesuais.

2. No ámbito da xurisdición penal, o tratamento dos datos persoais levado a cabo con ocasión da tramitación polos órganos xudiciais e fiscalías dos procesos, dilixencias ou expedientes de que sexan competentes, así como o realizado dentro da xestión da Oficina xudicial e fiscal, rexerese polo disposto na Lei orgánica de protección de datos persoais tratados con fins de prevención, detección, investigación ou axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións

penais, sen prexuízo das especialidades establecidas neste capítulo e nas leis procesuais e, de ser o caso, na Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

3. Non será necesario o consentimento do interesado para que se proceda ao tratamento dos datos persoais no exercicio da actividade xurisdiccional, xa sexan estes facilitados polas partes ou solicitados polos órganos competentes, sen prexuízo do disposto nas normas procesuais para a validez da proba.»

Sete. O artigo 236 quáter queda redactado como segue:

«Artigo 236 quáter.

Cando se proceda ao tratamento con fins non xurisdicionais, observarase o disposto no Regulamento (UE) 2016/679, na Lei orgánica 3/2018 e na súa normativa de desenvolvemento.»

Oito. O artigo 236 quinquies queda redactado como segue:

«Artigo 236 quinquies.

1. As resolucións e actuacións procesuais deberán conter os datos persoais que sexan adecuados, pertinentes e limitados ao necesario en relación cos fins para os cales son tratados, en especial para garantir o dereito á tutela xudicial efectiva, sen que, en ningún caso, se poida producir indefensión.

2. Os xuíces e maxistrados, os fiscais e os letrados da Administración de xustiza, conforme as súas competencias, poderán adoptar as medidas que sexan necesarias para a supresión dos datos persoais das resolucións e dos documentos aos cales poidan acceder as partes durante a tramitación do proceso, sempre que non sexan necesarios para garantir o dereito á tutela xudicial efectiva, sen que, en ningún caso, se poida producir indefensión.

3. Os datos persoais que as partes coñecen a través do proceso deberán ser tratados por estas de conformidade coa normativa xeral de protección de datos. Esta obrigaón tamén incumbe aos profesionais que representan e asisten as partes, así como a calquera outro que interveña no procedemento.

4. Deberánselles comunicar aos órganos competentes dependentes do Consello Xeral do Poder Xudicial, da Fiscalía Xeral do Estado e do Ministerio de Xustiza, no que proceda, os datos tratados con fins xurisdicionais que sexan estritamente necesarios para o exercicio das funcións de inspección e control establecidas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento. Tamén se deberán facilitar os datos tratados con fins non xurisdicionais cando estea xustificado pola interposición dun recurso ou sexa necesario para o exercicio das competencias que teñan legalmente atribuídas.

5. As oficinas de comunicación establecidas nesta lei, no exercicio das súas funcións de comunicación institucional, deberán velar polo respecto do dereito fundamental á protección de datos persoais daqueles que interviñesen no procedemento de que se trate. Para cumprir coa súa finalidade, poderán solicitar os datos necesarios das autoridades competentes.

6. Os letrados da Administración de xustiza deberánlle facilitar á Avogacía do Estado os datos persoais, a información e os documentos que sexan requiridos para o desempeño da representación e defensa do Reino de España ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e outros órganos internacionais en materia de protección de dereitos humanos, en particular ante o Comité de Nacións Unidas. Para tales efectos, estableceranse igualmente os mecanismos de comunicación coa Fiscalía Xeral do Estado, a través das súas unidades competentes.»

Novo. O artigo 236 sexies queda redactado como segue:

«Artigo 236 sexies.

1. A Administración competente deberá subministrar os medios tecnolóxicos adecuados para que os datos persoais sexan tratados conforme as disposicións legais e regulamentarias.

2. A Administración competente deberá cumprir coas responsabilidades que en materia de tratamento e protección de datos persoais se lle atribúan como Administración prestacional.

3. Deberanse adoptar as medidas organizativas adecuadas para que a Oficina xudicial e fiscal realice un adecuado tratamento dos datos persoais. Logo de informe do Consello Xeral do Poder xudicial e, de ser o caso, da Fiscalía Xeral do Estado, o Ministerio de Xustiza deberá elaborar e actualizar os códigos de conduta destinados a contribuír á correcta aplicación da normativa de protección de datos persoais na Oficina xudicial e fiscal, adecuando os principios da normativa xeral aos propios da regulación procesual e organización da Oficina xudicial e fiscal.

4. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias na materia, dentro das políticas de apoio á Administración de xustiza e desenvolvemento da xestión electrónica dos procedementos, poderán realizar o tratamento de datos non persoais para o exercicio das súas competencias de xestión pública, incluídos o desenvolvemento e a implementación de sistemas automáticos de clasificación documental orientados á tramitación procesual, con cumprimento da normativa de interoperabilidade, seguridade e protección de datos que resulte aplicable.»

Dez. O artigo 236 septies queda redactado como segue:

«Artigo 236 septies.

1. En relación co tratamento dos datos persoais con fins xurisdicionais, os dereitos de información, acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación tramitaranse conforme as normas que resulten de aplicación ao proceso en que se recadaron os datos. Estes dereitos deberanse exercer ante os órganos xudiciais, fiscalías ou Oficina xudicial en que se tramita o procedemento, e as peticións deberaas resolver quen teña a competencia atribuída na normativa orgánica e procesual.

2. Denegarase en todo caso o acceso aos datos obxecto de tratamento con fins xurisdicionais cando as dilixencias procesuais en que se solicitase a información sexan ou fosen declaradas secretas ou reservadas.

3. En relación co tratamento dos datos persoais con fins non xurisdicionais, os interesados poderán exercer os dereitos de información, acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación nos termos establecidos na normativa xeral de protección de datos.»

Once. O artigo 236 octies queda redactado como segue:

«Artigo 236 octies.

1. Respecto ás operacións de tratamento efectuadas con fins xurisdicionais polos xulgados, tribunais, fiscalías, e polas oficinas xudicial e fiscal, corresponderanlles ao Consello Xeral do Poder Xudicial e á Fiscalía Xeral do Estado, no ámbito das súas respectivas competencias, as seguintes funcións:

a) Supervisar o cumprimento da normativa de protección de datos persoais mediante o exercicio do labor inspector outorgado nesta lei e no Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

b) Promover a sensibilización dos profesionais da Administración de xustiza e a súa comprensión dos riscos, normas, garantías, dereitos e obrigacións en relación co tratamento.

c) Emitir informe sobre os códigos de conduta destinados a contribuír á correcta aplicación da normativa de protección de datos persoais na Oficina xudicial e fiscal.

d) Logo de solicitude, facilitarlle información a calquera interesado en relación co exercicio dos seus dereitos en materia de protección de datos.

e) Tramitar e responder as reclamacións presentadas por un interesado ou por asociacións, organizacións e entidades que teñan capacidade procesual ou lexitimación para defender intereses colectivos, nos termos que determinen as leis de aplicación ao proceso en que se recadaron os datos. Informarase o reclamante sobre o curso e o resultado da reclamación nun prazo razoable, logo de realizar a investigación oportuna de se considerar necesario.

2. Os tratamentos de datos con fins non xurisdicionais estarán sometidos á competencia da Axencia Española de Protección de Datos, que tamén supervisará o cumprimento daqueles tratamentos que non sexan competencia das autoridades indicadas no punto anterior.

3. O Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado e a Axencia Española de Protección de Datos colaborarán a prol do adecuado exercicio das respectivas competencias que esta lei orgánica lles atribúe en materia de protección de datos persoais no ámbito da Administración de xustiza.

4. Cando, con ocasión da realización de actuacións de investigación relacionadas coa posible comisión dunha infracción da normativa de protección de datos, as autoridades competentes a que se refiren os puntos anteriores apreciaren a existencia de indicios que supoñan a competencia doutra autoridade, darán inmediatamente traslado a esta última co fin de que prosiga coa tramitación do procedemento.»

Doce. O artigo 236 nonies queda redactado como segue:

«Artigo 236 nonies.

1. As competencias que corresponden á autoridade de protección de datos persoais con fins xurisdicionais serán exercidas, respecto do tratamento destes realizado por xulgados e tribunais de acordo co establecido no artigo 236 octies, pola Dirección de Supervisión e Control de Protección de Datos do Consello Xeral do Poder Xudicial.

2. Á fronte da Dirección de Supervisión e Control de Protección de Datos nomearase, por maioría absoluta do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, unha persoa titular da Dirección, de entre xuristas de recoñecida competencia con, polo menos, quince anos de exercicio profesional e con coñecementos e experiencia acreditados en materia de protección de datos.

3. A duración do mandato da persoa titular da Dirección de Supervisión e Control de Protección de Datos será de cinco anos, non renovable. Durante o seu mandato permanecerá, de ser o caso, en situación de servizos especiais e exercerá exclusivamente as funcións inherentes ao seu cargo. Só poderá ser cesada por incapacidade ou incumprimento grave dos seus deberes, apreciados polo Pleno mediante maioría absoluta.

4. O réxime de incompatibilidades da persoa titular da Dirección de Supervisión e Control de Protección de Datos será o mesmo que o establecido para os maxistrados ao servizo dos órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial. A persoa titular da Dirección de Supervisión e Control de Protección de Datos deberá exercer as súas funcións con absoluta independencia e neutralidade.

5. A persoa titular e o resto de persoal adscrito á Dirección de Supervisión e Control de Protección de Datos estarán suxeitos ao deber de segredo profesional,

tanto durante o seu mandato como despois deste, con relación ás informacións confidenciais de que tivesen coñecemento no cumprimento das súas funcións ou o exercicio das súas atribucións. Este deber de segredo profesional aplicarase en particular á información que lle faciliten as persoas físicas á Dirección de Supervisión e Control de Protección de Datos en materia de infraccións desta normativa.

6. A composición, a organización e o funcionamento da Dirección de Supervisión e Control de Protección de Datos serán establecidos regulamentariamente. O Consello Xeral do Poder Xudicial deberá velar por que a Dirección conte, en todo caso, con todos os medios persoais e materiais necesarios para o adecuado exercicio das súas funcións.»

Trece. O artigo 236 decies queda redactado como segue:

«Artigo 236 decies.

1. Os tratamentos de datos levados a cabo polo Consello Xeral do Poder xudicial e pola Fiscalía Xeral do Estado no exercicio das súas competencias quedarán sometidos ao disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos persoais. Os ditos tratamentos non serán considerados, en ningún caso, realizados con fins xurisdicionais.

2. As operacións de tratamento de datos persoais do Consello Xeral do Poder Xudicial e dos órganos integrantes del serán autorizados por acordo do Consello Xeral do Poder Xudicial, por proposta da Secretaría Xeral, que exercerá a condición de responsable do tratamento respecto deles.

3. As operacións de tratamento de datos persoais da Fiscalía Xeral do Estado serán autorizadas segundo determine o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal e as instrucións que se diten respecto diso.»

Catorce. O ordinal 19.º do número 1 do artigo 560 queda redactado como segue:

«Artigo 560.

1.º (...)

19.º En materia de protección de datos persoais, exercerá as funcións definidas no artigo 236 octies.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

Un. Inclúese un novo número 5 no artigo 2 coa seguinte redacción:

«Artigo 2.

5. O tratamento de datos levado a cabo con ocasión da tramitación por parte do Ministerio Fiscal dos procesos de que sexa competente, así como o realizado con eses fins dentro da xestión da Oficina fiscal, rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 e nesta lei orgánica, sen prexuízo das disposicións da Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e das normas procesuais que lle sexan aplicables.»

Dous. Modifícase o número 3 do artigo 44, que queda redactado como segue:

«Artigo 44.

3. A Axencia Española de Protección de Datos, o Consello Xeral do Poder Xudicial e, de ser o caso, a Fiscalía Xeral do Estado colaborarán a prol do adecuado exercicio das respectivas competencias que a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do

poder xudicial, lles atribúe en materia de protección de datos persoais no ámbito da Administración de xustiza.»

Tres. Modifícase a disposición adicional décimo quinta, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo quinta. *Requirimento de información por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

Cando non puidese obter por outros medios a información necesaria para realizar os seus labores de supervisión e inspección relacionados coa detección de delitos graves, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar dos operadores que presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público e dos prestadores de servizos da sociedade da información os datos que consten no seu poder, relativos á comunicación electrónica ou ao servizo da sociedade da información, proporcionados polos ditos prestadores, que sexan distintos ao seu contido e resulten imprescindibles para o exercicio dos ditos labores.

A cesión destes datos requirirá a obtención previa de autorización xudicial outorgada conforme as normas procesuais.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei orgánica 1/2020, do 16 de setembro, sobre a utilización dos datos do rexistro de nomes de pasaxeiros para a prevención, detección, investigación e axuízamento de delitos de terrorismo e delitos graves.*

Modifícase o artigo 10, que queda redactado como segue:

«1. Os momentos en que as compañías aéreas deben transmitir os datos PNR á UIP serán os seguintes:

- a) Entre as 24 e as 48 horas antes da hora de saída programada do voo, e
- b) inmediatamente despois do peche do voo, unha vez que os pasaxeiros embarcasen no avión en preparación da saída e non sexa posible embarcar ou desembarcar.

As compañías aéreas poderán limitar esta transmisión prevista na alínea b) ás actualizacións da información transmitida conforme a alínea a).

2. O provedor de servizos de navegación aérea no espazo aéreo de soberanía española comunicará á UIP os cambios de destino, así como as escalas non programadas que lle sexan notificados pola tripulación da aeronave ou por outro provedor de servizos de navegación aérea.

3. Ademais, cando sexa necesario acceder aos datos PNR para responder ante unha ameaza real e concreta relacionada con delitos de terrorismo ou con delitos graves, en momentos distintos dos previstos no número 1, todos os suxeitos obrigados, caso por caso, deberán transmitir á UIP os ditos datos con carácter inmediato ao requirimento recibido.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.*

Modifícase o artigo 30, que queda redactado como segue:

«Artigo 30. *Procedemento sancionador.*

1. O exercicio da potestade sancionadora a que se refire este título rexerá polo disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e nas súas disposicións de desenvolvemento, sen prexuízo das especialidades que se regulan neste título.



2. O procedemento caducará transcorridos seis meses desde a súa incoación sen que se notificase a resolución; non obstante, deberanse ter en conta no cómputo as posibles paralizacións por causas imputables ao interesado ou a suspensión que se deba acordar pola existencia dun procedemento xudicial penal, cando concorran identidade de suxeito, feito e fundamento, ata a finalización deste.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada.*

Modifícase o artigo 69, que queda redactado como segue:

«Artigo 69. *Réxime xurídico.*

1. O exercicio da potestade sancionadora en materia de seguridade privada rexeráse polo disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e nas súas disposicións de desenvolvemento, sen prexuízo das especialidades que se regulan neste título.

2. O procedemento caducará transcorridos seis meses desde a súa incoación sen que se notificase a resolución; non obstante, deberanse ter en conta no cómputo as posibles paralizacións por causas imputables ao interesado ou a suspensión que se deba acordar pola existencia dun procedemento xudicial penal, cando concorran identidade de suxeito, feito e fundamento, ata a finalización deste.

3. Unha vez iniciado o procedemento sancionador, o órgano que ordenase a súa incoación poderá adoptar as medidas cautelares necesarias para garantir a súa adecuada instrución, así como para evitar a continuación da infracción ou asegurar o pagamento da sanción, no caso de que esta sexa pecuniaria, e o seu cumprimento nos demais supostos.

4. As ditas medidas, que deberán ser congruentes coa natureza da presunta infracción e proporcionadas á súa gravidade, poderán consistir:

a) Na ocupación ou precinto de vehículos, armas, material ou equipamento prohibido, non homologado ou que resulte perigoso ou prexudicial, así como dos instrumentos e efectos da infracción.

b) Na retirada preventiva das autorizacións, habilitacións, permisos ou licenzas, ou na suspensión, de ser o caso, da eficacia das declaracións responsables.

c) Na suspensión da habilitación do persoal de seguridade privada e, de ser o caso, da tramitación do procedemento para o outorgamento daquela, mentres dure a instrución de expedientes por infraccións graves ou moi graves en materia de seguridade privada.

Tamén poderán ser suspendidas as indicadas habilitación e tramitación, ata que finalice o proceso por delitos contra o dito persoal.

5. As medidas cautelares previstas nas alíneas b) e c) do punto anterior non poderán ter unha duración superior a un ano.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación do texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro.*

Modifícase o artigo 68, que queda redactado como segue:

«Artigo 68. *Matrículas.*

1. Para poñer en circulación vehículos de motor, así como remolques de masa máxima autorizada superior á que regulamentariamente se determine, é preciso matricularlos e que leven as placas de matrícula cos caracteres que se lles asignen

da forma que se estableza. Esta obrigaón será exixida aos ciclomotores nos termos que regulamentariamente se determinen.

2. Deben ser obxecto de matriculación definitiva en España os vehículos a que se refire o punto anterior, cando se destinen a ser utilizados no territorio español por persoas ou entidades que sexan residentes en España ou que sexan titulares de establecementos situados en España. Estableceranse regulamentariamente os prazos, requisitos e condicións para o cumprimento desta obrigaón e as posibles exencións a ela.

3. A matriculación ordinaria será única para cada vehículo, salvo nos supostos que se determinen regulamentariamente. Cando concorran circunstancias que poidan afectar a seguridade nacional, o secretario de Estado de Seguridade poderá autorizar unha nova matrícula distinta da inicialmente asignada. Este tipo de matrículas non serán públicas no Rexistro Xeral de Vehículos e, mesmo en circunstancias excepcionais, poderase utilizar unha titularidade suposta no marco da actuación das forzas e corpos de seguridade e do Centro Nacional de Intelixencia no tráfico xurídico.

4. En casos xustificadas, a autoridade competente para expedir o permiso de circulación poderá conceder permisos de circulación temporais e provisionais nos termos que se determinen regulamentariamente.»

Disposición derradeira novena. *Natureza da lei.*

Esta lei ten o carácter de lei orgánica. Porén, teñen carácter ordinario:

- a) O capítulo VI.
- b) O capítulo VII.
- c) O capítulo VIII.
- d) As disposicións derradeiras segunda, sexta, sétima e oitava.

Disposición derradeira décima. *Título competencial.*

Esta lei orgánica dítase ao abeiro das regras 1.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup> e 29.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúen ao Estado as competencias exclusivas, respectivamente, para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; respecto ás bases do réxime xurídico das administracións públicas, o procedemento administrativo común e en relación co sistema de responsabilidade de todas as administracións públicas; sobre lexislación penal, penitenciaria, procesual, e en materia de seguridade pública.

Disposición derradeira décimo primeira. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei orgánica incorpórase ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2016/680 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais por parte das autoridades competentes para fins de prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais ou de execución de sancións penais, e a libre circulación dos ditos datos, e pola que se derroga a Decisión marco 2008/977/JAI do Consello.

Disposición derradeira décimo segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Porén, as previsións contidas no capítulo IV producirán efectos aos seis meses da entrada en vigor da lei orgánica.

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 26 de maio de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN